# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

CURSO2020/2021

I.E.S. ALLARIZ

## Contenido

**PROGRAMACIÓN DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL DE 4º DA E.S.O.** .....6

**1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN** ............................ 6

**2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIBLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS** ............ 9

**3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS** .......................................... 19

**4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** ..... 22

**5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA** .................................................. 31

**6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** ................................ 33

**7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO** .................................................... 34

**8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE** ............................................. 37

**9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES** ............................. 39

**10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS** ........................................................................................ 40

**11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** ......................... 42

**12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS** ............................................... 43

**13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** ..................................................................... 45

**14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA** ......................................................................... 46

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DE 4º DA E.S.O. .......47

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.......................... 48

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS........... 50

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS .......................................... 58

4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ..... 64

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA .................................................. 76

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .............................. 788

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.................................................. 799

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE ........................................... 833

9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ........................... 855

10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS ................................................................................................ 866

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ....................... 888

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS .............................................. 899

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES............................................................... 911

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA ................................................................... 922

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DE 1º DE BACHARELATO ........................................................944
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN........................ 955
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS......... 988
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS ...................................... 1122
4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . 1155
5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA .............................................. 1444
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ............................ 1455
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN . CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO................................................ 1466
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE......................................... 1499
9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ......................... 1511
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR O ALUMNADO OS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS............................................................................ 1522
11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS ........................................................................................... 1533
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ..................... 1555
13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS ........................................... 1577
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES............................................................. 1599
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN

RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA ........................................................................ 16060

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DA EMPRESA DE 2º DE BACHARELATO........................................................1633

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN...................... 1644

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS....... 1688

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS .................................... 18080

4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . 1822

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA ............................................. 1922

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ............................ 1933

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO................................................ 1977

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.......................................... 200

9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTES............................. 2022

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR O ALUMNADO OS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS............................................................................ 2033

11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS ............................................................................................. 2044

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ..................... 2066

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS ........................................... 2088

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES................................................................ 21010

**15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA** ........................................................................ **2111**

# PROGRAMACIÓN DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL DE 4º DA E.S.O.

***PROFESORA: M* MERCEDES PUMAR GARCIA**

***LIBRO DE TEXTO:***

***Titulo*** **INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL**

***Autor*** **RAMÓN CASTRO PÉREZ**

***Editorial*** **ANAYA**

***I.S.B.N.*** **978-84-698-1157-3**

***Data de autorización*** **2016**

***En castellá***

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de

financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicos que lle permitan alcanzar unha cultura económica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

Debemos ter en conta o medio familiar e o entorno social e cultural do alumnado, e para a nosa área o que tamén é fundamental é o entorno económico.

## Características do centro

A situación do IES de Allariz fai que o noso centro educativo presente unha mestura de características urbanas e rurais. Actualmente prevalece a poboación da propia vila, (tanto polo seu crecemento propio, coma pola progresiva despoboación do rural que a rodea), o que lle aporta os rasgos mais urbáns fronte ós aspectos mais rurais aportados polos rapaces das aldeas. A proximi-dade da capital da provincia, (sita a 20 Kms.), e as boas comunicacións con ela contribúen tamén aos aspectos urbanos do centro. A esa mesma distancia aproximada de 20 Kms. tén o centro varias localidades, todas elas tamén con institutos de educación secundaria: Maceda, Xinzo, Celanova, (e, naturalmente, a propia cidade de Ourense).

O tamaño do IES de Allariz é mais ben pequeno, e, como tal, só tén 2 centros adscritos: o CEIP Padre Feijoo, radicado na propia vila, e o CEIP Padre Crespo da localidade de Xunqueira de Ambía, que dista unha media ducia de Kms.

A oferta educativa no IES de Allariz está conformada por dúas liñas de ESO e outras tantas de bacharelato, o que nos dá un total de 12 unidades. Non hai, na actualidade, oferta de formación profesional.

O centro non presenta ningunha característica que interpretemos como singular, como non sexa o seu caracter híbrido entre rural e urbano.

## Características do alumnado

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

A lingua materna predominante non presenta un predominio craro. Probablemente o carácter híbrido recén mencionado teña que ver algo niso.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, (NEAE), adoita oscilar entre un 8 e un 15% do total.

Non existe moita poboación inmigrante actualmente. Os casos de absentismo escolar son moi esporádicos, o mesmo ca os episodios de violencia e de acoso escolar. Destes dous últimos levamos dous anos académicos sen rexistrarmos ningún caso.

Sí é influinte, en xeral, a problemática social derivada da índole propia dos alumnos da casa de acollida que a asociación Arela tén na vila. Pero hai que dicir que isto varía bastante duns cursos a outros, en función dos nenos e nenas concretos de cada ano. Debemos congratularnos de que últimamente hai unha melloría crara e destacable na conflictividade que ese alumnado viña xenerando no instituto.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIBLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

# Contribución ao desenvolvemento das competecias claves.

***Descrición do modelo competencial***

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia,** que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en **desempeños competenciais,** redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais,** como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores,** presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

***Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial***

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

*Comunicación lingüística*

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

*Competencia dixital*

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais, e na publicitación do que queiramos transmitir. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

*Conciencia e expresións culturais*

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

Polo tanto, nesta área traballaremos os seguintes descritores:
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

*Competencias sociais e cívicas*

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con

respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Os descritores que adestraremos son:
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

*Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Para o desenvolvemento desta competencia, adestraremos os seguintes descritores:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

# Concreción da relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

No seguinte cadro recollese todo o relativo os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliables:

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| e<br>g | B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | CSIEE<br>CAA |
| | | | IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional | CD<br>CAA<br>CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | en cada un deles. | |
| b<br>g | B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | CAA<br>CSIEE |
| a<br>c<br>g<br>m | B1.4. Dereito do traballo.<br>B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | CSC<br>CSIEE |
| | | | IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | CSC<br>CSIEE<br>CMCCT |
| | | | IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | CSIEE<br>CAA<br>CMCCT |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
| d | B2.1. Idea de proxecto de | B2.1. Crear un proxecto de | IAEEB2.1.1. Determina a | CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g | empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>B2.3. Plan de empresa.<br>B2.4. Planificación na empresa. | empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | CAA |
| | | | IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | CSIEE<br>CMCCT<br>CD |
| | | | IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | CSIEE<br>CCL<br>CMCCT |
| | | | IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | CCL<br>CSIEE<br>CMCCT |
| b<br>g<br>h | B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | CD<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | |
| g<br>h<br>l | B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT |
| | | | IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD<br>CAA |
| | | | IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | Bloque 3. Finanzas | | | |
| a<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>B3.2. Elección da forma xurídica.<br>B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | CSIEE<br>CMCCT |
| | | | IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | CSC<br>CMCCT |
| | | | IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT |
| b<br>f<br>g | B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD |
| | | | IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE |
| b<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | CD<br>CSIEE<br>CAA<br>CMCCT |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CD |
| | | | IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE |
| | | | IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | CSC<br>CAA |

# 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f ) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i ) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l ) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

n ) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**Obxectivos da área de iniciación a actividade emprendedora e empresarial**:

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.
2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.
3. Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.
5. Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.
6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.
7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.
9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.
10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.
11. Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.
12. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.
13. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

14. Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.
15. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.
16. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.
17. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.
18. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.
19. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
20. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.
21. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.
22. Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.
23. Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

## 4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos de Avaliación |
|---|---|---|---|
| IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | - Comparar habilidades persoais coas expostas en exemplos do texto.<br>- Describir as funcións das empresas.<br>- Identificar microempresas e pemes. Valorar a porcentaxe de poboación ocupada nelas. Realizar a mesma análise para as grandes empresas.<br>- Propoñer exemplos próximos e distinguir entre microempresas, pemes e grandes empresas.<br>- Comprender e coñecer as actitudes emprendedoras. Identificalas.<br>- Reflexionar sobre as propias habilidades e/ou actitudes emprendedoras. | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 1- SETEMBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando | - Investigar dentro do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais tratando de encontrar a familia profesional, | | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | cualificacións profesionais e unidades de competencia que mellor se adaptan ás súas expectativas e habilidades.<br>- Coñecer o concepto de familia profesional.<br>- Consultar a listaxe de familias profesionais no SEPE.<br>- Distinguir os requisitos esixidos para o exercicio profesional dunha actividade.<br>- Describir os postos de traballo e informarse sobre os seus requisitos para o caso dunha empresa do seu contorno. | | |
| IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | - Consultar o informe do SEPE «Perfís da oferta de emprego» e seleccionar unha profesión acorde coas súas expectativas, identificando as competencias requiridas, a formación necesaria, a distribución xeográfica da contratación e o desemprego. | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 1-SETEMBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do | - Recoñecer os conceptos de oferta e demanda de traballo e os seus argumentos.<br>- Coñecer os conceptos | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 2-OUTUBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| mercado de traballo. | de poboación activa, ocupada e desempregada.<br>- Calcular a taxa de desemprego da economía.<br>- Identificar as principais normas de dereito que regulan a relación laboral e os seus principios básicos.<br>- Consultar o Estatuto dos Traballadores con criterio. | | Carteis. Debates |
| IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | - Discriminar, a partir da consulta do Estatuto dos Traballadores ou dun convenio colectivo, os dereitos e obrigas que se desprenden da relación laboral.<br>- Cumprir un contrato de traballo.<br>- Coñecer os distintos tipos e características dun contrato de traballo, así como os requisitos principais para a súa celebración.<br>- Coñecer o concepto de negociación colectiva e o seu alcance dentro da lexislación vixente. | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 2- OUTUBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | - Coñecer o funcionamento do sistema de Seguridade Social.<br>- Describir as prestacións do sistema.<br>- Distinguir as distintas continxencias.<br>- Coñecer a relación entre número de | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 3 DECEMBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | cotizantes, fondo de reserva e estrutura demográfica.<br>- Buscar e encontrar información relevante dentro das páxinas web oficiais.<br>- Calcular o custo real dun posto de traballo, aplicando cálculos sobre bases de cotización.<br>- Comprobar bases de cotización entre os topes máximos e mínimos.<br>- Calcular cota obreira e patronal á Seguridade Social dentro do Réxime Xeral.<br>- Calcular cotas de cotización no Réxime do Traballo Autónomo.<br>- Coñecer os distintos conceptos polos que unha persoa no Réxime do Traballo Autónomo pode cotizar. | | |
| IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | - Identificar situacións de risco laboral.<br>- Investigar e listar os posibles riscos que unha situación laboral pode entrañar. | 1ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 3 DECEMBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
| IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a | - Desenvolver unha idea de negocio, analizando e avaliando debilidades, ameazas, | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 4 | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| empresa desenvolve. | oportunidades e fortalezas. | XANEIRO | presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | - Comprender o concepto de empresa e clasificar e distinguir os seus elementos.<br>- Analizar variables relativas ao ámbito específico do sector (clientes, provedores, competencia, barreiras de entrada, substitutivos).<br>- Desenvolver e analizar, para un caso concreto, real ou simulado, as variables de mercadotecnia-mix dentro do marco establecido polo plan de empresa. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 4<br>XANEIRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | - Establecer unha estrutura organizativa adecuada para un caso real formulado, dentro dun sector determinado.<br>- Valorar a importancia do financiamento e calcular a rendibilidade dos activos implicados no proxecto de investimento. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 4<br>XANEIRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | - Elaborar documentos para a planificación das función da empresa en proxecto | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 4<br>XANEIRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de | - Coñecer o concepto de patrimonio.<br>- Coñecer o concepto de | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | conta patrimonial e distinguir os seus tipos.<br>- Clasificar as masas patrimoniais.<br>- Redactar un balance.<br>- Contabilizar operacións sinxelas usando libro diario e libro maior, tanto en papel coma nun soporte informático. | DIDÁCTICA 5<br><br>FEBREIRO | escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | - Confeccionar notas de pedido, albarás, cartas comerciais e facturas, tanto en papel como baixo soporte de oficina.<br>- Formalizar cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio, identificando e distinguindo as súas principais figuras (librador, librado, tomador).<br>- Recoñecer distintos tipos de organigramas na empresa e realizar un deles a partir dun caso real ou simulado.<br>- Clasificar documentos baixo criterios de arquivo e establecer o tipo de ordenamento máis adecuado. | 2ªAVALIACIÓN<br><br>UNIDADE DIDÁCTICA 5<br><br>FEBREIRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | - Crear materiais de difusión e publicidade conforme os seus coñecementos sobre promoción e comunicación.<br>- Coñecer o concepto de *community manager* e | 2ªAVALIACIÓN<br><br>UNIDADE DIDÁCTICA 6<br><br>MARZO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | difundir marca, logo e mensaxe do proxecto a través das redes sociais.<br>- Elaborar unha proposta de valor, identificando e usando correctamente todos os seus elementos. | | |
| IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | - Tomar decisións de produción relativas á contratación de factores produtivos, contando con información relativa a produción media e marxinal. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 6<br>MARZO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | - Coñecer alternativas de axuda e apoio á creación e posta en marcha de empresas.<br>- Consultar webs de axencias de desenvolvemento local.<br>- Localizar accións emprendidas polas Cámaras de Comercio.<br>- Localizar axudas no portal iPyme. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 6<br>MARZO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| Bloque 3. Finanzas | | | |
| IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | - Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas.<br>- Coñecer os requisitos de constitución de cada unha delas.<br>- Establecer vantaxes e inconvenientes de levar a cabo a actividade empresarial baixo forma persoal ou | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 7<br>ABRIL | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | societaria. | | |
| IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | - Enumerar os distintos organismos públicos aos que debe dirixirse a persoa emprendedora á hora de realizar os trámites de constitución dunha empresa.<br>- Coñecer que é o DUE. | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 7<br>ABRIL | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | - Describir os trámites que se deben realizar para a constitución e posta en marcha dunha empresa e razoa a súa existencia. | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 7<br>ABRIL | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 8<br>MAIO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | - Realizar un plan de investimentos para a posta en marcha dun proxecto e clasificar tales investimentos nun balance de situación. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 8<br>MAIO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | - Coñecer as alternativas de financiamento das empresas, tanto a longo como a curto prazo, internas e externas e determinar o seu custo. | 2ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 8<br>MAIO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a | - Realiza un estudo de viabilidade económico- | 3ªAVALIACIÓN | Exercicios,problemas, comentarios de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | financeira a medio prazo, servíndose de datos reais relativos ao seu contorno, dunha idea previamente xerada ou suxerida, usando na súa realización a folla de cálculo. | UNIDADE DIDÁCTICA 9<br>XUÑO | texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | - No proxecto de viabilidade, selecciona aquelas fontes de financiamento (capital social e préstamos bancarios) que mellor se adapten ás súas necesidades.<br>- A través dun estudo de tesourería, valora a opción de contratar unha póliza de crédito.<br>- Estuda a amortización do financiamento escollido e calcula os pagamentos asociados. | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 9<br>XUÑO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | - Identifica as obrigas fiscais das empresas.<br>- Coñece o funcionamento do IVE.<br>- Coñece o concepto de pagamento fraccionado e de liquidación, relativos aos impostos IS e IRPF. | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 9<br>XUÑO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |
| IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | - Valorar a achega da carga impositiva das empresas á riqueza nacional | 3ªAVALIACIÓN<br>UNIDADE DIDÁCTICA 9<br>XUÑO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Carteis. Debates |

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman os andamios da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso, necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de destrezas emprendedoras, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. **Pero dada a situación de pandemia na que nos atopamos debido o COVID-19 , este curso levaráse a cabo os traballos en grupo de xeito telemático, compartindo datos e información necesarios a través do correo electrónico, do Classrron e de Meet, para poñer en común as ideas e elaborar conxuntamente traballos e o proxecto de empresa que se leva a cabo nesta materia o longo do curso.**

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é indispensable a **vinculación a contextos reais,** así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

O contido da materia impartirase ca seguinte metodología:

- A docencia da materia realizarase de xeito presencial pero contemplase a posibilidade dada a situación de pandemia da docencia de xeito non presencial a través da AULA VIRTUAL do centro xunto co CLASSROOM e MEET no caso de impartir clases por videoconferencias. Neste último caso o profesor informará o titor dos alumnos do grupo que teñan problemas de conectividade ou non entreguen as tarefas ou non realicen as probas, como mecanismo de control para asegurar o seguimento do curso por todo o alumnado que o teña que facer de xeito telemático.

- Explicacións teóricas do profesor que o alumno deberá anotar individualmente tanto a través de clases presenciais como de xeito no presencial polos medios expostos no punto anterior.
- Realización de fichas que o profesor entregará na clase mediante fotocopias ou a través da AULA VIRTUAL, ou realizadas no ordenador a través de Internet.
- Desenvolver casos prácticos.
- Posta en marcha dun **proxecto** tendo en conta os aspectos teóricos e prácticos.
- O alumno deberá dispoñer dun ficheiro físico ou no seu ordenador para gardar tanto os apuntes como todalas actividades levadas a cabo o longo do curso académico.
- O alumno deberá dispoñer dun soporte de almacenamento informático( pendrive ) para gardar o guión para a elaboración do proxecto que se lle vai a suministrar e tamén para recopilar paso a paso a execución do mesmo o longo do curso.
- A materia tamén se traballará a través da proxección de películas, realizando actividades que analicen aspectos e cualidades de emprendedores.

# 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumnado para a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, 4.º ESO.
- A proposta didáctica para Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, 4.º ESO.
- O libro dixital.
- Os cadernos de estratexias metodolóxicas.
- As monografías didácticas.
- A páxina web do centro.
- AULA VIRTUAL.
- CLASSROOM.
- MEET

# 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

## AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso no que distinguiremos tres aspectos:

1. Os contidos asimilados polo alumnado. Para elo faremos o seguinte:

* Exames e preguntas de clase (referentes a contidos procedimentais e conceptuais).

* Revisión periódica dos cadernos de clase (serviranos para avaliar contidos procedimentais e actitudinais).

* Observación das alumnas e alumnos nas clases, facendo un seguimento dos seguintes puntos (contidos actitudinais):

- Atende ós comentarios ou explicacións do profesor.
- Atende ás intervencións dos compañeiros.
- Esfórzase en realizar as actividades programadas.
- Aproveita o tempo de clases suficientemente.
- Amosa respecto polo traballo dos seus compañeiros.
- Interésase polos temas de estudio.
- Amosa respecto polo medio, tanto natural como pola aula (limpeza da aula, respecto polo material).

* Realización de traballos individuais ou en grupo( este curso non), en concreto o Proxecto dunha empresa.

2. Que o alumnado sexa consciente da súa situación respecto ao programa (contidos, actividades...)

3. Revisión do proceso de ensinanza - aprendizaxe que permita reconducir a práctica educativa.

## CUALIFICACIÓN.

**Avaliación inicial**

Avaliáranse as competencias clave de cada alumno/a matriculado nesta materia de 4º da E.S.O, sendo os graos de desenvolvemento das competencias os seguintes: INSUFICIENTE(1), SUFICIENTE(2), BEN(3), NOTABLE(4) E SOBRESAÍNTE(5). Entregarese o titor do alumno previamente a celebración da avaliación a información dos graos acadados en cada competencia, sendo éste o que introducirá a media de todalas materias en cada unha das competencias clave no programa XADE , antes de celebrarse dita avaliación.

**Avaliación ordinaria.**

Na avaliación da materia teranse en conta os seguintes puntos:

1) En cada avaliación a nota formarase tendo en conta os seguintes valoracións e criterios:

. O 40% da media resultante da suma das puntuacións das actividades (fichas, test, casos prácticos, proxecto empresarial) con un valor do 1 o 10 cada unha.

. Mais o 50% da media das notas das probas escritas feitas o longo da avaliación sobre os contidos previstos nesta programación. Cada proba terá unha puntuación entre 0 e 10.

. E mais o 10% da nota pola presentación correcta do ficheiro e o soporte informático dedicado a esta materia( con un valor de 1 o 10), que ademais considerarase imprescindible para aprobar dita avaliación.

. A avaliación considerarase positiva cando a nota final da avaliación sexa superior ou igual a 5.

2) Recuperación das avaliacións suspensas:

O alumno que non tivera na avaliación unha nota igual ou superior a 5 deberá recuperala despois de cada avaliación mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos correspondentes a mesma, tendo que acadar unha puntuación de 5 ou mais e presentar o ficheiro e o soporte informático con todolos apuntes e actividades realizadas ó longo da avaliación para considerar superada a avaliación en cuestión.

Ó final de curso haberá unha proba de recuperación das avaliacións suspensas considerandose aprobada a materia cando o alumno acade unha puntuación de 5 o maior na mesma, sendo imprescindible ademais entregar no soporte informático a execución do proxecto .

Tamén terán dereito a presentarse a proba anterior os alumnos que copiaran nalgún exame.

3) A nota final do curso (xuño):

Será unha media das calificacións obtidas en cada avaliación.

Tamén se realizará **unha avaliación das competencias clave** de cada alumno matriculado na materia seguindo o mismo procedemento que na **avaliación inicial**.

4) É obligatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Si por algunha causa xustificada o alumno non pode asistir a algún exame deberá presentar ó profesor da asignatura un xustificante médico adecuado. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor ou co titor do alumno antes da realización da proba.

O alumno tamén deberá xustificar a falta cando tivera que presentar nese día algunha actividade ou traballo para que o profesor lle lo admita e valore a presentación posterior.

5) Criterios de avaliación para os alumnos que perden o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua:

Os alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia sen xustificar sinaladas no P.E.C. , perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación, polo que

serán valorados mediante unha proba obxectiva a final de curso, tendo que entregar o ficheiro con todolos traballos esixidos ó longo do mesmo e en soporte informático o PROXECTO como condición imprescindibre para aprobar a materia e obter en dita proba unha calificación igual ou superior a un cinco.

**Avaliación da proba libre nesta materia para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado con 18 anos cumpridos cun máximo de cinco materias da etapa non superadas**

A proba cunha duración máxima de 90 minutos que será correxido por este departamento, constará sobre:
1.- Os contidos previstos no apartado de 4 desta programación.
2.- E a partir dunha idea dada na proba realizar un proxecto.
A cada unha das partes indicaraselles unha valoración, tendo o alumno que obter unha calificación de 5 ou máis para que a materia quede superada

**Avaliación extraordinaria(setembro)**

Os alumnos/as que non acadarán en Xuño unha nota superior ou igual a 5 deberán presentarse a convocatoria extraordinaria na que se avaliará tendo en conta os seguintes puntos para obter a nota:
1º- Valoración de 0 a 3 puntos dun paquete de preguntas que o alumno deberá entregar cas respostas. O valor otorgado a cada resposta irá sinalado en cada pregunta, podendo obter um máximo de 3 puntos.
O cuestionario será entregado despois da avaliación de Xuño os alumnos con calificación negativa nesta materia polo profesor da materia ou polo Titor do grupo.
2º- Valoración de 0 a 7 puntos a unha proba escrita sobre os contidos previstos no apartado 4 desta programación. Indicarase a valoración de cada pregunta teórica ou práctica.
O alumno deberá obter unha calificación de 5 ou máis, sumando o dúas valoracións anteriores para que a materia quede superada.
Considerarase non presentado si o alumno non entrega o cuestionario de preguntas nin realiza a proba escrita na data prevista para a convocatoria de setembro desta materia, contemplada no calendario de exames de SETEMBRO deste centro.

**Previsión da realización das probas da materia de xeito telemático**

As probas prevense en principio facelas presencialmente no centro pero debido a situación de pandemia provocada polo COVID-19 no caso de que o alumno non poidera presentarse de xeito presencial a ditas probas, mediante xustificación firmada polos seus país ou tutores legais facilitaraselle de xeito telemático mediante AULA VIRTUAL E CLASSROOM a posibilidade de presentarse a calquera delas.

**PROMOCIÓN:**

Segundo o establecido no Proxecto educativo de centro (PEC)

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso do ensino e polo tanto da programación non debe ser a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Todo é de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Ao longo do curso académico, o profesorado debe detectar o grao en que os alumnos e alumnas adquiren os contidos e as posibles deficiencias da programación.

Ao longo de todo o curso, irase analizando e mellorando, na medida do posible, os distintos aspectos da programación e da práctica docente: **os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, temporalización, motivación do alumnado**,...; para facer da programación o instrumento realmente eficaz para o ensino-aprendizaxe.

Usaremos como **INDICADORES DE LOGRO** as seguintes rúbricas:

**1. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA**

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas... | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | |

## 2. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |

## 9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Conforme a lexislación vixente no se da o feito de alumnos con esta materia pendente.

Os alumnos coa avaliación negativa nesta materia na convocatoria extraordinaria de setembro ou repiten o curso ou promocionan a Bacharelato, sempre que cumpran os criterios de promoción, incluso coa materia suspensa.

Polo que non se precisa contemplar actividades de seguemento, recuperación e avaliación de alumnos coa materia suspensa.

## 10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso determinarase medidas a tomar en caso dalgunha necesidade educativa detectada nos alumnos a través da realización de actividades como a realización de test, cuestionarios, búsqueda de información interpretandoa e manifestando xuízos críticos. Ditas actividades realizaránse tanto de forma individual como en grupo. Non se poñerá nota.

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar *(planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.)*.
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos( neste curso non se levará a cabo).
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais-non neste curso- para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No alumnado podemos observar diferentes capacidades, motivacións e ritmos de aprendizaxe, así pois, proporanse actividades de diagnóstico, ampliación, recuperación, reforzo e avaliación tendo en conta aspectos como os seguintes:

-Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten ao comezar o tema, propondo actividades de reforzo para aquelas alumnas e alumnos nos que se detecte retraso significativo.
-Procurar que os novos contidos sexan adecuados ao nivel de desenrolo cognitivo dos alumnos e alumnas.
-Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumnado lle sexa suficiente para facer unha mínima utilización do mesmo e para enlazar os contidos que con el se relacionan.
-Propor actividades de reforzo ou ampliación para os alumnos que o precisen.
-Proporcionar información complementaria ós alumnos que o soliciten ou facilitarlles o acceso á mesma

Posibilitaremos a adaptación de todo tipo de alumnado, sexan cales sexan as características persoais de cada un deles, e do nivel que presenten, polo que se adaptará o currículo as necesidades educativas da seguinte formas e coas seguintes finalidades:

- Actividades con diferentes grados de dificultades, adaptados as necesidades individuais do alumnado.
- Actividades en grupo(neste curso non procede), para fomenta-la colaboración e cooperación dos alumnos con maior nivel de coñecementos, cos que presentan un nivel máis baixo.
- Realización de exercicios de reforzo, para aqueles alumnos que na avaliación non haxan sido avaliados positivamente, ou non haxan acadado os obxectivos mínimos programados.
- Exercicios de ampliación, destinados o alumnado con maior nivel de coñecementos.
- En todo caso, fomentarase unha actitude de respecto cara as diferencias que uns alumnos/as presenten respecto dos demais.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- **TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA.**

O longo do curso, tense previsto para favorecer o fomento da lectura:

Ler biografías de figuras que ó longo da historia foron emprendedores.

Despois da lectura de cada unha das biografías destacaranse os aspectos nos que se observa o seu espíritu emprendedor.

Os personaxes son os seguintes:

1.- HENRY FORD .
2.- JOSEPH ALOIS SCHUMPETER
3.- HENRY FAYOL.
4.- AMANCIO ORTEGA.

- **TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.**

Relacionanse a continuación as actividades nas que os alumnos deberán empregar as tecnoloxías da información e comunicación:

a) ENTRAR EN INTERNET para:
- a búsqueda de información sobre determinados conceptos e datos
- e descargar fichas, test e actividades para a súa posterior realización, en concreto as que se atopan en AULA VIRTUAL especialmente elaboradas para o currículo desta materia.

b) ALMACENAR NUN SOPORTE INFORMÁTICO o desenvolvemento dun proxecto de empresa realizado o longo das tres avaliacións, empregando un ordenador cada alumno dispoñible na aula de informática.

- **PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.**

Os obxectivos en educación de valores desta materia na búsqueda da consecución de competencias, son:

- Valorar a existencia de **capacidades diferentes**, aproveitando a sinerxia xerada o formar un grupo de traballo, obtendo mellores resultados que si o traballo fose individual**.**
- Non a **exclusión** no grupo de traballo(neste curso non haberá grupos pola situación COVI-19) formado dentro da aula.
- **Resolución de conflictos** dados dentro da aula ou fora dela.
- Non permitir a utilización dunha **linguaxe sexista**.
- Promover a **solidaridade** entre os compañeiros, desterrando a idea da **exclusión** e da **violencia na aula**.

Ademais por avaliación adicarase unha hora lectiva a travallar con ferramentas didácticas que se poden atopar na dirección http://educaciónvalores.org, de onde sacarán información para na hora lectiva seguinte facer unha exposición por grupos e un debate sobre temas a elexir como: Acoso escolar, capacidades diferentes, coeducación e igualdade, convivencia, educación en valores, educación pola paz, educación intercultural, educación sexual e afectiva,

solidariedade, experiencias, familias, fracaso escolar, género, globalización, homofobia, inmigración, interculturaliedade, linguaxe sexista, mediación, medio ambiente e obxectivos do milenio ( pobreza, política educativa, profesorado, religiones, renovación pedagóxica, resolución de conflictos, salud, sexualidad, sida, TIC, tempo libre, violencia de xénero e adolescentes, violencia na aula e bullying).

- **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Entre os obxectivos do plan de convivencia no I.E.S. de Allariz, están:

- Preparar ós alumnos para a vida social adulta.
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos ( respeto polos demáis, polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres, respeto a outras ideas, confesións e culturas...)
- Mellorar o clima escolar no I.E.S.
- Atender de xeito eficaz á diversidade.

Ás accións acometidas por este departamento para a consecución dos obxectivos son:

- Travallar con ferramentas didácticas sobre a educación en valores previsto tamén no apartado anterior desta programación.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso os alumnos van a participar nun Simulador de Bolsa. O efecto didáctico e ampliar os coñecementos básicos de economía, aprender cómo e donde conseguir información sobre a bolsa, as accións e as empresas, e como valoralas. De paso tamén exercita o alumnado no trato co risco e o atrevemento, a inseguirdade e a dúbida, así como no traballo eficaz en equipo(neste curso non se levará a cabo traballos en grupo).

Ademais o longo do curso valorarase a participación do alumnado en torneos, debates, xogos, charlas informativas relacionadas ca materia de Economía propostas dende as institucións co obxectivo do coñecemento da realidade económica e de problemas económicos sociais actuáis así como da educación tanto financieira como cívico tributaria, necesarias e importantes para a súa formación.

# 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS PARA AVALIAR | PARA DESTACAR... | PARA MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Interdisciplinariedade | | | |

# PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DE 4º DA E.S.O.

***PROFESORA: M*** **MERCEDES PUMAR GARCIA**

***LIBRO DE TEXTO:***

***Titulo*** ***ECONOMÍA***

***Autor*** **RAMÓN CASTRO PÉREZ**

***Editorial*** **ANAYA**

***I.S.B.N.*** **978-84-698-1151-1**

***Data de autorización*** **2016**

***En castellá***

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais. **A materia de 4º de ESO** distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicos que lle permitan alcanzar unha cultura económica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

Debemos ter en conta o medio familiar e o entorno social e cultural do alumnado, e para a nosa área o que tamén é fundamental é o entorno económico.

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

## Características do centro

A situación do IES de Allariz fai que o noso centro educativo presente unha mestura de características urbanas e rurais. Actualmente prevalece a poboación da propia vila, (tanto polo seu crecemento propio, coma pola progresiva despoboación do rural que a rodea), o que lle aporta os rasgos mais urbáns fronte ós aspectos mais rurais aportados polos rapaces das aldeas. A proximi-dade da capital da provincia, (sita a 20 Kms.), e as boas comunicacións con ela contribúen tamén aos aspectos urbanos do centro. A esa mesma distancia aproximada de 20 Kms. tén o centro varias localidades, todas elas tamén con institutos de educación secundaria: Maceda, Xinzo, Celanova, (e, naturalmente, a propia cidade de Ourense).

O tamaño do IES de Allariz é mais ben pequeno, e, como tal, só tén 2 centros adscritos: o CEIP Padre Feijoo, radicado na propia vila, e o CEIP Padre Crespo da localidade de Xunqueira de Ambía, que dista unha media ducia de Kms.

A oferta educativa no IES de Allariz está conformada por dúas liñas de ESO e outras tantas de bacharelato, o que nos dá un total de 12 unidades. Non hai, na actualidade, oferta de formación profesional.

O centro non presenta ningunha característica que interpretemos como singular, como non sexa o seu caracter híbrido entre rural e urbano.

## Características do alumnado

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

A lingua materna predominante non presenta un predominio craro. Probablemente o carácter híbrido recén mencionado teña que ver algo niso.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, (NEAE), adoita oscilar entre un 8 e un 15% do total.

Non existe moita poboación inmigrante actualmente. Os casos de absentismo escolar son moi esporádicos, o mesmo ca os episodios de violencia e de acoso escolar. Destes dous últimos levamos dous anos académicos sen rexistrarmos ningún caso.

Sí é influinte, en xeral, a problemática social derivada da índole propia dos alumnos da casa de acollida que a asociación Arela tén na vila. Pero hai que dicir que isto varía bastante duns cursos a outros, en función dos nenos e nenas concretos de cada ano. Debemos congratularnos de que últimamente hai unha mellоría crara e destacable na conflictividade que ese alumnado viña xenerando no instituto.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

### CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Economía incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descriptores máis afíns á área.

**Competencia en comunicación lingüística**

Está vinculada con prácticas sociais que permiten ao individuo comportarse como axente comunicativo que produce e recibe mensaxes a través da lingua con distintas finalidades. É un instrumento fundamental para a socialización que vai permitir o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia e a resolución de conflitos. Nesta materia poñerase de manifesto esta competencia para que o alumnado coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coa área de Economía, para explicitar a diferenza entre economía normativa e positiva, para distinguir entre as diferentes formas societarias, para explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal, para comprender o contido e significado dos diferentes soportes documentais bancarios. Tamén se utilizará para que poida expresar de forma razoada os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos xeralmente utilizados para a súa redistribución, para explicar e valorar as causas da inflación, desemprego e valorar o proceso de integración na Unión Europea.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Estas competencias esixen condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A competencia matemática que implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, o álxebra, a xeometría e a estatística, vai ser amplamente utilizada na nosa disciplina, posto que gran parte dos acontecementos económicos son abordados mediante a realización de cálculos, gráficos e expresións algebraicas. En concreto, utilizarase esta competencia matemática para analizar gráficamente o custo de oportunidade, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e utilizar instrumentos gráficos para a súa representación, coñecer cuantitativa e gráficamente os ingresos e gastos do Estado, e valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes magnitudes como os tipos de interese, a inflación e o desemprego.

Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía vai desenvolver desde a nosa disciplina, xa que será imprescindible a utilización destes coñecementos para concienciarse da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentable e da realización de actividades económicas que respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñibles.

**Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de tal forma que permite adquirir habilidades e actitudes necesarias para ser competente nunha contorna dixital. A nosa materia vai axudar á consecución desta competencia por canto a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico obtense de páxinas web e outras fontes da internet. O alumnado utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficas e análises de datos económicos, elaboración de orzamentos e plans financeiros individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto persoais como grupales.

**Competencia de aprender a aprender**

Resulta imprescindible para a aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En economía o mundo que estudamos é moi cambiante, polo que os alumnos e as alumnas deberán de ser capaces de asimilar novos coñecementos e situacións que só desenvolvendo esta competencia poderán adquirir. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse na capacidade para coñecer as obrigacións fiscais da empresa segundo o seu sector de actividade e os seus distintos cambios ao longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira ao longo da vida, recoñecer a necesidade de ler todos e cada un dos documentos bancarios que se nos presenten, e investigar os ámbitos de oportunidades de emprego.

**Competencias sociais e cívicas**

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo que desenvolve actitudes e valores como a integridade e a honestidade. O coñecemento dos efectos sociais e ambientais das empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán aos alumnos e as alumnas alcanzar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia.

**Competencia cívica**

Baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e en particular da organización económica das mesmas. Nun mundo tan globalizado, onde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto doutras culturas que, cada vez máis, vanse incorporando á nosa.

**Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos, permitindo o aproveitamento de novas oportunidades que inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. Nesta

materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través dos seguintes contidos: as decisións básicas da economía, o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas, a empresa e o empresario, as distintas formas xurídicas das empresas, o risco e a necesidade de diversificación, a capacidade para recoñecer oportunidades existentes para actividades comerciais e profesionais, e a capacidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras. Esta competencia pode ser a que máis se desenvolva na nosa materia posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organizacións.

## CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

No seguinte cadro recollese todo o relativo os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliables:

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | |
| a<br>d<br>f | B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | CCL<br>CSC |
| | | | ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | CAA<br>CD |
| f<br>h<br>o | B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | CCL |
| | | | ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía | CAA<br>CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | normativa. | |
| | | | ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | CD<br>CMCCT |
| a<br>f | B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | CMCCT<br>CSC |
| | Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| a<br>b<br>e<br>m | B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B2.3. Clases de empresas.<br>B2.4. Formas xurídicas da empresa. | B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | CMCCT<br>CSIEE |
| | | | ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | CAA<br>CD |
| | | | ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | CSIEE<br>CSC |
| a<br>f<br>e | B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>B2.6. Sectores da actividade económica. | B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | CD<br>CSC |
| e<br>f | B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | CCL<br>CD<br>CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| e<br>f | B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>B2.9. Resultados da empresa. | B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | CD<br>CMCCT |
| a<br>e<br>f | B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | CD<br>CMCCT |
| | | | ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | CSC |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | |
| d<br>e<br>f | B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| a<br>d<br>m | B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | CAA<br>CSIEE |
| a<br>f | B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>B3.5. Risco e diversificación. | B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | CAA<br>CSC |
| | | | ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada | CAA<br>CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | momento. | |
| a<br>b<br>e<br>f<br>g | B3.6. O diñeiro.<br>B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | CCL<br>CMCCT |
| | | | ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | CAA<br>CD |
| | | | ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | CCL<br>CD<br>CMCCT |
| e<br>f<br>g | B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| a<br>b<br>e<br>f<br>g<br>ñ | B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | CD<br>CMCCT |
| | | | ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os | CCL<br>CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | gastos, e controlar a súa execución. | |
| a<br>e<br>f | B4.2. A débeda pública e o déficit público. | B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | CCL<br>CMCCT |
| a<br>c<br>d<br>e<br>f | B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | CCL<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | |
| a<br>c<br>e<br>f | B5.1. Tipos de xuro.<br>B5.2. Inflación.<br>B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CSC |
| | | | ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | CCL<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | CD<br>CMCCT |
| a<br>c<br>e<br>f | B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>B5.6. Perspectivas da ocupación. | B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | CD<br>CSC |
| | | | ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | CAA<br>CD |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | |
| a<br>e<br>f<br>m | B6.1. Globalización económica.<br>B6.2. Comercio internacional.<br>B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | CAA<br>CSC |
| | | | ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio | CCL<br>CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | económico entre países e que inflúen nel. | |
| | | | ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | CAA<br>CD<br>CSC |
| | | | ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | CCL<br>CD<br>CSC |
| | | | ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | CAA<br>CSC |

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión

de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE ECONOMÍA

1. Recoñecer a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprender que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.

2. Diferenciar formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identificar as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.

3. Comprender e utilizar correctamente diferentes termos da área de Economía.

4. Diferenciar entre economía positiva e economía normativa.

5. Representar e analizar gráficamente o custo de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Produción.

6. Representar as relacións que se establecen entre as economías domésticas e das empresas.

7. Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.

8. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas e relacionalas coas esixencias requiridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo.

9. Valorar as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.

10. Identificar os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna, así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.

11. Indicar os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.

12. Identificar os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.

13. Explicar as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

14. Diferenciar os ingresos e custos xerais dunha empresa e identificar o seu beneficio ou perda, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados.

15. Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade, sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.

16. Valorar a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

17. Elaborar e realizar un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.

18. Utilizar ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.

19. Manexar gráficos de análises que lle permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.

20. Comprender as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.

21. Coñecer e explicar a relevancia do aforro e do control do gasto.

22. Analizar as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco, e seleccionar a decisión máis adecuada para cada momento.

23. Comprender os termos fundamentais e describir o funcionamento na operativa coas contas bancarias.

24. Valorar e comprobar a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación prodúcese por Internet.

25. Recoñecer o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analizar o procedemento de reclamación ante as mesmas.

26. Identificar e explicar as distintas modalidades de cartóns que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con cartóns.

27. Identificar e diferenciar os distintos tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diversas etapas da vida.

28. Identificar as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comentar as súas relacións.

29. Analizar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.

30. Distinguir nos diferentes ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

31. Comprender e expresar as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.

32. Coñecer e describir os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.

33. Describir o fenómeno do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais.

34. Valorar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.

35. Describir as causas do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais.

36. Analizar os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.

37. Investigar e recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.

38. Valorar o grao de interconexión das diferentes economías de todos os países do mundo e aplicar a perspectiva global para emitir xuízos críticos.

39. Explicar as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.

40. Analizar acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.

41. Coñecer e enumerar vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.

42. Reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

## 4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos de Avaliación |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Ideas económicas básicas | . | ***<u>1ªavaliación</u>*** | |
| ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | - Realiza actividades de simulación, comparando situacions de economía planificada con situacións de libre mercado. | UNIDADE DIDÁCTICA – as duas primeiras semanas de OUTUBRO | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |
| ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | - Clasifica distintos tipos de necesidades.<br>- Aborda o uso alternativo de un mesmo recurso aplicado a necesidades distintas.<br>- Reflexiona sobre as decisións acerca dos recursos limitados. | | |
| ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | - Diferenza entre renta e riqueza.<br>- Reflexiona sobre as fontes do valor.<br>- Discrimina eficientemente activos e pasivos. | | |
| ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | - Establece diferenzas entre proposicións normativas e positivas, discriminando entre ambas a partir de exemplos cotidiáns. | | |
| ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | - Relaciona o concepto de coste de oportunidade coa a Fronteira de Posibilidades | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | de Producción, calculando o seu importe total e unitario e identificando as suas zoas. | | |
| ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | - Enumera os tipos de axentes económicos e explicita as suas funcións, propoñendo exemplos reais.<br>- Representa as relacións existentes entre axentes económicos cotidiáns. | | |
| ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | - Utiliza adecuadamente os métodos inductivo e deductivo para solucionar problemas económicos sixelos. | | |
| Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | - Distingue situacións nas que aparece a figura da persoa empresaria.<br>- Recoñece as obligacións e os dereitos da actividade empresarial.<br>- Coñoce os requisitos de capital e legais para que unha sociedade adquira personalidade xjurídica e para realizar unha actividade empresarial de maneira individual.<br>- Distingue, valora e cuantifica os diferentes tipos de empresas existentes na economía española. | UNIDADE DIDÁCTICA 2- 3ª e 4ª semana de outubro e 1ª e 2ª de novembro | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |
| ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | - Clasifica as empresas a partir de casos reais atendendo a criterios de tamaño, capital e sector de actividade.<br>- Coñoce o concepto de responsabilidade social | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | empresarial e distingue os seus fundamentos, recoñeocendo estos en casos reais propostos | | |
| ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | - Identificalos tipos de factores productivos existentes nas empresas, razoando a sua participación no proceso productivo e as suas relacións a curto e longo prazo.<br>- Coñece e explica o concepto de rendemento decrecente do factor variable.<br>- Calcula as magnitudes PMaL y PMeL.<br>- Calcula a productividade do traballo nunha empresa e coñece os seus fundamentos e relación a nivel agregado co crecimento da economía. | | |
| ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | - Identifica os sectores económicos.<br>- É capaz de extraer retos e oportunidades dun determinado sector nunha lectura de prensa e reflexionar sobre eles. | | |
| ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | - Coñece os compoñentes básicos da estructura económica e financieira da empresa.<br>- Coñece o coste de cada tipo de financiación.<br>- Distingue ventaxas e inconvintes da financiación propia.<br>- Calcula pesos entre os compoñentes da estructura financieira e o coste total | 1ª PARTE UNIDADE DIDÁCTICA 3- 3ª e 4ª semana de novembro e 1ª de decembro | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | da financiación. | | |
| | | ***2ªavaliación*** | |
| ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | - Diferencia entre ingresos, costes e gastos.<br>- Discrimina tipos de ingresos e gastos.<br>- Coñoce o proceso de maximización de beneficio e o porqué dos seus argumentos.<br>- Calcula o punto muerto de explotación e interpreta o seu significado. | 2ªPARTE UNIDADE DIDÁCTICA 3- 2ª e 3ª semana de decembro e 2ª, 3ª e 4ª de xaneiro | |
| ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | - Identifica as obrigas fiscais das empresas.<br>- Explica a diferenza entre impuestos proporcionais e progresivos.<br>- Coñoce o funcionamiento do IVE. | 3ª PARTE UNIDADE DIDÁCTICA 3- 1ª,2ª e 4ª de febreiro | |
| ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | - Valora a importancia dos principais tributos dentro do conxunto dos ingresos no financieiros do Estado. | | |
| Bloque 3. Economía persoal | | | |
| ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | - Identifica gastos e ingresos persoais e clasificaos.<br>- Elabora e modifica un orzamento persoal, identificando, clasificando e discriminando entre diferentes tipos de ingresos e gastos. | UNIDADE DIDÁCTICA 4- 1ª, 2ª e 3ª de marzo | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |
| ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | - Elabora e modifica un orzamento persoal usando *software* de oficina (folla de cálculo). | | |
| ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade | - A partir da evidencia anterior, é capaz de realizar | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| personalizada coas previsións establecidas. | gráficas que representan os pesos relativos de ingresos e gastos. | | |
| ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | - Recoñece a necesidade de realizar planificacións intertemporais.<br>- Calcula, en supostos sinxelos, a cuantía da renda permanente sobre a cal planificar unha senda de consumo.<br>persoal. | | |
| ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | - Coñece e identifica os factores que llevan a formar unha burbulla económica.<br>- Expresase sobre a conveniencia o non de asumir determinado nivel de débeda en función dos ingresos percibidos.<br>- Explica a relevancia e uso futuro do aforro | | |
| ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | - Coñece distintas alternativas para xestionar aforros persoais.<br>- Explica os tipos de rico que existen e comprende a relación risco-rendemento.<br>- Identifica individuos adversos ou amantes ó risco.<br>- Coñece o concepto de diversificación e enumera as suas ventaxas. | | |
| | | ***3ªavaliación*** | |
| ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | - Distingue os diferentes tipos de diñeiro e clasificaos.<br>- Coñece a fonte dol valor do diñeiro fiduciario. | UNIDADE DIDÁCTICA 5- 4ª de marzo e 2ª,3ª e 4ª semanas de abril | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Coñece o proceso de creación monetaria e o efecto multiplicador dos depósitos bancarios.<br>- Comprende e coñece as funcionalidades dunha conta corrente e os termos asociados a ela. | | Debates |
| ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | - Coñece as reglas básicas de seguridade a ter en conta en relación coa operativa financieira e comercial a través de Internet.<br>- Identifica elementos básicos nun contrato de conta corrente. | | |
| ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | - Coñece o procedimento de reclamación ante unha entidade financieira. | | |
| ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | - Identifica e explica as distintas modalidades de tarxetas que existen. | | |
| ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | - Explica qué é un seguro e para qué serve.<br>- Identifica e discrimina tipos de contratos de seguro.<br>- Identifica e clasifica los axentes que interveñen nunha operación de seguro. | | |
| Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado.<br>- Analiza e clasifica as grandes partidas de gasto público. | UNIDAD 6- 4ª e 5ª semana de abril, 1ª e 2ª de marzo e 1ª de mayo | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións.<br>Debates |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Relaciona gastos cos ingresos, anticipando o concepto de déficit público. | | |
| ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | - Realiza cálculos a partir de taboas e gráficas que conteñen información sobre ingresos e gastos do Estado. | | |
| ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | - Relaciona a evolución do déficit co ciclo económico, realizando previsións sobre o gasto en pensións e desemplego. Usa, ademáis, datos sobre previsión de poboación para realizar tales comparacións. | | |
| ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | - Realiza previsión de gastos e ingresos e control da execución | | |
| ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | - Coñoce los conceptos de déficit público e de débeda pública e relacionaos. | | |
| ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda.<br>- Coñece e describe os instrumentos da distribución da renda.<br>- Debate sobre temas relacionados coa distribución da riqueza. | | |
| ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | - Comprende o significado da curva de Lorenz. | | |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | - Coñece o concepto de inflación.<br>- Calcula tasas de inflación.<br>- Describe causas da inflación.<br>- Valora, coñece e describe as consecuencias da inflación. | UNIDADE DIDÁCTICA 7- 2ª,3ª e 4ª semana de mayo. | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |
| ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | - Explica o funcionamento dos tipos de xuros e a sua formación, dende os tipos oficiais ata os comerciais.<br>- Relaciona a evolución dos tipos de xuros coa do crecimento económico. | | |
| ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | - Interpreta datose gráficos sobre inflación e tipos de xuros e relacionaos coa coxuntura económica. | | |
| ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | - Describe posibles causas de desemplego e establece as consecuencias económicas e sociais do mesmo. | UNIDADE DIDÁCTICA 8- 1ª semana de xuño | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e presentacións. Debates |
| ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | - A partir de datos oficiais, analiza os datos de desemplego, realizando comparacións a través de índices e pesos relativos. | | |
| ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | - Investiga sectores e ocupacións coa tendencia positiva de emplego, a partir da consulta de fontes oficiais. | | |
| Bloque 6. Economía internacional | | | |
| ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | - Coñece o concepto de globalización.<br>- Coñece o debate acerca do fenómeno coñecido | UNIDADE DIDÁCTICA 9- 2ª semana de | Exercicios,problemas, comentarios de texto, probas orais e escritas. Traballos e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | como globalización.<br>- Realiza xuicios críticos sobre globalización a partir da exposición de dos posturas diferentes.<br>- Realiza cálculos sobre crecimento do comercio mundial. | xuño | presentacións. Debates |
| ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | - Explica as causas do comercio. | | |
| ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | - Analiza os efectos dos instrumentos de política comercial sobre o comercio e sobre as nacións que o aplican.<br>- Coñece as líneas básicas do TTIP. | | |
| ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | - Enumera as ventaxas do proceso de integración europea.<br>- Identifica pérdidas de soberanía nacional derivadas dos procesos de integración económica. | | |
| ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | - Coñece o concepto de desenvolvemento sostenible e de desenvolvemento económico.<br>- Distingue entre crecimento económico y desenvolvemento económico.<br>- Recoñece os obxectivos mundiais do desenvolvemento sostible. | | |

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**Avaliación inicial**

Avaliáranse as competencias clave de cada alumno/a matriculado nesta materia de 4º da E.S.O, sendo os graos de desenvolvemento das competencias os seguintes: INSUFICIENTE(1), SUFICIENTE(2), BEN(3), NOTABLE(4) E SOBRESAÍNTE(5). Entregarese o titor do alumno previamente a celebración da avaliación a información dos graos acadados en cada competencia, sendo éste o que introducirá a media de todalas materias en cada unha das competencias clave no programa XADE , antes de celebrarse dita avaliación.

**Avaliación ordinaria**

Na avaliación desta materia utilizaranse os procedementos e instrumentos en cada unha das seguintes situacións:

**1º.- En cada unha das avaliacións** e tendo en conta o punto de partida do alumno para poder valorar o seu proceso de aprendizaxe dos **estándares avaliables** e progamados para cada avaliación, o traballo e o esforzo do alumno nas actividades diarias serán importantes na súa avaliación, así como a actitude ante a materia polo que se seguirá os seguintes puntos:

- A valoración do traballo diario, participación e actitude positiva.
- En cada avaliación faranse tres probas, unha de cada unidade didáctica.
- Nas probas as preguntas apareceran cóa sua puntuación correspondente e para a sua corrección terase en conta os seguintes criterios: A) Nas preguntas curtas nas que se deban ofrecer definicións exactas, valoraranse positivamente a precisión e os exemplos como as aclaracións ou explicacións relativas a aquelas. B) Nas preguntas a desenvolver, nas que se debe facer unha exposición máis extensa valorarase a claridade expositiva, a utilización adecuada dos conceptos fundamentais e o plantexamento dun esquema resume da resposta no caso en que se pida. C) Nos problemas prácticos terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección no plantexamento. D) E por último, os erros ortográficos valoraranse negativamente (0,1 menos por cada falta).
- Si se sorprende a algún alumno copiando ou falando nalgún exame considerarase suspenso.

**2º**.- Realizarase **unha proba obxectiva de recuperación** da primeira e da segunda avaluación para aqueles alumnos que non a teñan superada, das partes suspensas.

O final de curso haberá **unha proba de recuperación de avaliacións non superadas**, e empregarase esta proba para facer a recuperación da terceira avaliación e das anteriores pero en ningún caso se poderá recuperar a asignatura completa.

**3º.-**É obligatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Si por algunha causa xustificada o alumno non pode asistir a algún exame deberá presentar ó profesor da asignatura un xustificante médico adecuado. Si a causa non é médica os pais do

alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor ou co titor do alumno antes da realización da proba.

4º.-Para os alumnos que perden o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua:

Os alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia sen xustificar sinaladas no P.E.C. , perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación, polo que serán valorados mediante unha proba obxectiva a final de curso cunha calificación igual ou superior a un cinco.

## Avaliación e Criterios a aplicar para argumentar o abandono manifesto nesta materia

Este departamento determina os criterios cos que se argumenta que un alumno pode correr o risco de non titular no Graduado do ESO ou non promocionar o curso seguinte por apreciar un abandono manifesto nesta materia, que será notificado ó longo do curso a lo menos tres veces.

Os criterios nos que se basa son os seguintes:

1º.- Non facer sistemáticamente os exercicios ou traballos encomendados.
2º.- Obter como resultado da avaliación unha cualificación de 1.
3º.- Faltas de asistencia inxustificadas.

Se un alumno non se presenta a unha proba de recuperación global na convocatoria ordinaria de xuño ou na extraorinaria de setembro, entendese como abandono manifesto sin aviso previo.

## Avaliación da proba libre nesta materia para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado con 18 anos cumpridos cun máximo de cinco materias da etapa non superadas

Segundo a Resolución do 17 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, o alumnado que cumpra os requisitos para acceder ás probas e sendo esta materia unha das cinco pendentes de cualificación positiva para obter o título realizaraselle unha proba que o centro fará pública a sua data e hora antes de finalizar o primeira quincena do mes de maio.

A proba celebrarase **na primeira quincena de xuño**.

A avaliación será realizada polo xefe do departamento seguindo os criterios de avaliación que establece o currículo da materia.

## Avaliación extraordinaria

Os alumnos/as que non acadarán en Xuño unha nota superior ou igual a 5 deberán presentarse a convocatoria extraordinaria na que se avaliará tendo en conta os seguintes puntos para obter a nota:

1º- Valoración de 0 a 3 puntos dun paquete de preguntas que o alumno deberá entregar cas respostas. O valor otorgado a cada resposta irá sinalado en cada pregunta, podendo obter um máximo de 3 puntos.

O cuestionario será entregado despois da avaliación de Xuño os alumnos con calificación negativa nesta materia polo profesor da materia ou polo Titor do grupo.
2º- Valoración de 0 a 7 puntos a unha proba escrita sobre os contidos previstos no apartado 4 desta programación. Indicarase a valoración de cada pregunta teórica ou práctica.
O alumno deberá obter unha calificación de 5 ou máis, sumando o dúas valoracións anteriores para que a materia quede superada.
Considerarase non presentado si o alumno non entrega o cuestionario de preguntas nin realiza a proba escrita na data prevista para a convocatoria de setembro desta materia, contemplada no calendario de exames de SETEMBRO deste centro.

**Previsión da realización das probas da materia de xeito telemático**

As probas prevense en principio facelas presencialmente no centro pero debido a situación de pandemia provocada polo COVID-19 no caso de que o alumno non poidera presentarse de xeito presencial a ditas probas, mediante xustificación firmada polos seus país ou tutores legais facilitaraselle de xeito telemático mediante AULA VIRTUAL E CLASSROOM a posibilidade de presentarse a calquera delas.

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado, e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Economía:

Para alcanzar os obxectivos marcados no proceso de ensino-aprendizaxe desta materia, partirase do nivel de desenvolvemento dos alumnos e as alumnas considerando os seus coñecementos previos. Preténdese que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa inductivo-deductivo, flexible (os contidos desta programación poderán adaptarse en función dos coñecementos previos e as capacidades do alumnado) e activo (fomentando a súa participación).

Exporase un proceso de ensino-aprendizaxe eminentemente práctica de tal forma que se forme ao alumnado coas capacidades e os coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica que nos rodea e ser crítico con ela. Teranse en conta, para iso, as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensino-aprendizaxe coa vida real; facilitar a construción de aprendizaxes significativas, relacionando o que xa saben cos novos contidos; favorecer a capacidade de aprender a aprender; crear un clima de aceptación e cooperación en clase fomentando o traballo en grupo.

As **estratexias metodolóxicas** que se poden empregar en función dos contidos aos que nos enfrontamos poden ser as seguintes:

- Estratexias expositivas. Consisten na presentación ao alumnado dunha serie de coñecementos por parte do docente. A explicación realizarase mediante a achega de documentos e artigos de prensa, presentacións, exemplos, medios audiovisuais, etc.

- Estratexias de indagación. Consiste en que o alumnado realice, coa guía do docente, a aprendizaxe pola súa conta. As técnicas didácticas concretas poden ser moi variadas, como: realización de traballos de investigación, tanto persoal como grupal, e a súa posterior exposición ante a clase; estudo de casos reais; debates sobre temas económicos de actualidade; visitas a empresas e organismos económicos significativos.

O **contido** da materia impartirase ca seguinte metodología:

- A docencia da materia realizarase de xeito presencial pero contemplase a posibilidade dada a situación de pandemia da docencia de xeito non presencial a través da AULA VIRTUAL do centro xunto co CLASSROOM e MEET no caso de impartir clases por videoconferencias. Neste último caso o profesor informará o titor dos alumnos do grupo que teñan problemas de conectividade ou non entreguen as tarefas ou non realicen as probas, como mecanismo de control para asegurar o seguimento do curso por todo o alumnado que o teña que facer de xeito telemático.
- Explicacións teóricas do profesor que o alumno deberá anotar individualmente tanto a través de clases presenciais como de xeito no presencial polos medios expostos no punto anterior.

- Realización de fichas que o profesor entregará na clase mediante fotocopias ou a través da AULA VIRTUAL, ou realizadas no ordenador a través de Internet.
- Desenvolver casos prácticos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o tratamento das unidades, ademais do libro do alumnado, utilizaranse:

- Recursos interactivos propostos no apartado «Na web»do libro de texto.
- Vídeos, documentais, noticias de actualidade obtidos da web ou de medios de comunicación.
- Pizarra tradicional.
- Ordenador con conexión a Internet.

- PÁXINA WEB DO CENTRO, AULA VIRTUAL, CLASSROOM E MEET

# 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

## AVALIACIÓN

Avaliarase tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro no **apartado 8** desta programación didáctica.

No **apartado 4** figuran a concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables co grao mínimo de consecución para superar a materia.

A avaliación será un proceso no que distinguiremos tres aspectos:

1. Os contidos asimilados polo alumnado. Para elo faremos o seguinte:

* Exames e preguntas de clase (referentes a contidos procedimentais e conceptuais).

* Revisión periódica dos cadernos de clase (serviranos para avaliar contidos procedimentais e actitudinais).

* Observación das alumnas e alumnos nas clases, facendo un seguimento dos seguintes puntos (contidos actitudinais):

- Atende ós comentarios ou explicacións do profesor.
- Atende ás intervencións dos compañeiros.
- Esfórzase en realizar as actividades programadas.
- Aproveita o tempo de clases suficientemente.
- Amosa respecto polo traballo dos seus compañeiros.
- Interésase polos temas de estudio.
- Amosa respecto polo medio, tanto natural como pola aula (limpeza da aula, respecto polo material).

* Realización de traballos individuais ou en grupo(neste curso non se farán grupos).

2. Que o alumnado sexa consciente da súa situación respecto ao programa (contidos, actividades...)

3. Revisión do proceso de ensinanza - aprendizaxe que permita reconducir a práctica educativa.

**CUALIFICACIÓN**

O sistema de cualificación desta materia comprende os seguintes pasos:

**1º.- Avaliación inicial.-** Avaliáranse as competencias clave de cada alumno/a matriculado nesta materia de 4º da E.S.O, sendo os graos de desenvolvemento das competencias os seguintes: INSUFICIENTE(1), SUFICIENTE(2), BEN(3), NOTABLE(4) E SOBRESAÍNTE(5).
Entregarese o titor do alumno previamente a celebración da avaliación a información dos graos acadados en cada competencia, sendo éste o que introducirá a media de todalas materias en cada unha das competencias clave no programa XADE , antes de celebrarse dita avaliación.

**2º.- En cada unha das avaliacións ordinarias** e tendo en conta o punto de partida do alumno para poder valorar o seu proceso de aprendizaxe, o traballo e o esforzo do alumno nas actividades diarias serán importantes na súa avaliación, así como a actitude ante a materia, polo que se seguirá os seguintes puntos:

- A **nota de avaliación** será o 10% da valoración do traballo diario, participación e actitude positiva valorado entre 0 a 10 puntos e o 90% da nota media das calificacións das probas feitas en cada avaliación A nota resultante deberá ser 5 ou superior para considerar a **avaliación aprobada**.
- En cada avaliación faranse tres probas para reparti-la materia da mesma. Cada unha delas valorarase de 0 o 10.
- Nas probas as preguntas apareceran cóa sua puntuación correspondente e para a sua corrección terase en conta os seguintes criterios: A) Nas preguntas curtas nas que se deban ofrecer definicións exactas, valoraranse positivamente a precisión e os exemplos como as aclaracións ou explicacións relativas a aquelas. B) Nas preguntas a desenvolver, nas que se debe facer unha exposición máis extensa valorarase a claridade expositiva, a utilización adecuada dos conceptos fundamentais e o plantexamento dun esquema resume da resposta no caso en que se pida. C) Nos problemas prácticos terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección no plantexamento. D) E por último, os erros ortográficos valoraranse negativamente (0,1 menos por cada falta).
- Si se sorprende a algún alumno copiando ou falando nalgún exame considerarase suspenso.

**3º**.-No caso de que a nota de avaliación fora inferior a un 5, dita avaliación considerarase non superada e o alumno deberá recuperarla.

Realizarase unha **proba obxectiva de recuperación** da primeira e da segunda avaluación para aqueles alumnos que non a teñan superada. A súa valoración será de 0 o 10.

A nota da recuperación da avaliación deberá ser 5 ou superior para considerala superada.

Ó final de curso haberá **unha proba de recuperación de avaliacións cualificadas negativamente**, e empregarase esta proba para facer a recuperación da terceira

avaliación e das anteriores pero en ningún caso se poderá recuperar a asignatura completa. A cualificación de cada unha das avalicións non superadas será do 0 o 10, e considerarase recuperada a avaliación si a nota é 5 ou maior , facendo logo unha media das tres avalicións.

**4º.-**Polo tanto a **nota final** de curso (Xunio) será una media das calificacións obtidas en cada avaliación.

Tamén se realizará **unha avaliación das competencias clave** de cada alumno matriculado na materia seguindo o mismo procedemento que na **avaliación inicial**.

**5º.-**É obligatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Si por algunha causa xustificada o alumno non pode asistir a algún exame deberá presentar ó profesor da asignatura un xustificante adecuado dos seus pais ou os seus representantes legais pondose en contacto directamente co profesor ou co titor do alumno antes da realización da proba.

**6º.-Avaliación para os alumnos que perden o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua**:

Os alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia sin xustificar indicadas no P.E.C., perderán o dereito á aplicación dos criterios xerales de avaliación, polo que serán avaliados mediante **unha proba obxectiva a final do curso**, tendo que entregar todolos traballos esixidos o longo do mesmo. Polo tanto, a nota estará determinada polo resultado da proba e será imprescindible a presentación dos traballos, tendo que obter un 5 ou máis no exame para aproba-la materia.

**7º.-Avaliación da proba libre nesta materia para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o alumnado con 18 anos cumpridos cun máximo de cinco materias da etapa non superadas**

A proba cunha duración máxima de 90 minutos que será correxido por este departamento, constará sobre:

Os contidos previstos no apartado de 4 desta programación.

A cada unha das preguntas indicaraselles unha valoración, tendo o alumno que obter unha calificación de 5 ou máis para que a materia quede superada.

**8º-Avaliación extraordinaria**

Os alumnos/as que non acadarán en Xuño unha nota superior ou igual a 5 deberán presentarse a convocatoria extraordinaria na que se avaliará tendo en conta os seguintes puntos para obter a nota:

1º- Valoración de 0 a 3 puntos dun paquete de preguntas que o alumno deberá entregar cas respostas. O valor otorgado a cada resposta irá sinalado en cada pregunta, podendo obter um máximo de 3 puntos.

O cuestionario será entregado despois da avaliación de Xuño os alumnos con calificación negativa nesta materia polo profesor da materia ou polo Titor do grupo.

2º- Valoración de 0 a 7 puntos a unha proba escrita sobre os contidos previstos no apartado 4 desta programación. Indicarase a valoración de cada pregunta teórica ou práctica.

O alumno deberá obter unha calificación de 5 ou máis, sumando o dúas valoracións anteriores para que a materia quede superada.
Considerarase non presentado si o alumno non entrega o cuestionario de preguntas nin realiza a proba escrita na data prevista para a convocatoria de setembro desta materia, contemplada no calendario de exames de SETEMBRO deste centro.

**9º-Previsión da realización das probas da materia de xeito telemático**

As probas prevense en principio facelas presencialmente no centro pero debido a situación de pandemia provocada polo COVID-19 no caso de que o alumno non poidera presentarse de xeito presencial a ditas probas, mediante xustificación firmada polos seus país ou tutores legais facilitaraselle de xeito telemático mediante AULA VIRTUAL E CLASSROOM a posibilidade de presentarse a calquera delas.

**PROMOCIÓN**

Segundo o establecido no Proxecto educativo de centro (PEC)

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso do ensino e polo tanto da programación non debe ser a simple medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Todo é de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Ao longo do curso académico, o profesorado debe detectar o grao en que os alumnos e alumnas adquiren os contidos e as posibles deficiencias da programación.

Ao longo de todo o curso, irase analizando e mellorando, na medida do posible, os distintos aspectos da programación e da práctica docente: **os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, temporalización, motivación do alumnado**,...; para facer da programación o instrumento realmente eficaz para o ensino-aprendizaxe.

Usaremos como **INDICADORES DE LOGRO** as seguintes rúbricas:

**1. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA**

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA** | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas... | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | |

## 2. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |

# 9. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Conforme a lexislación vixente no se da o feito de alumnos con esta materia pendente.

Os alumnos coa avaliación negativa nesta materia na convocatoria extraordinaria ou repiten o curso ou promocionan a Bacharelato, sempre que cumpran os criterios de promoción, incluso coa materia suspensa.

Polo que non se precisa contemplar actividades de seguemento, recuperación e avaliación de alumnos coa materia suspensa.

## 10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN BASE OS SEUS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso determinarase medidas a tomar en caso dalgunha necesidade educativa detectada nos alumnos a través da realización de actividades como a realización de test, cuestionarios, búsqueda de información interpretandoa e manifestando xuízos críticos. Ditas actividades realizaránse tanto de forma individual como en grupo. Non se poñerá nota.

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar *(planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).*
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No alumnado  podemos observar diferentes capacidades, motivacións e ritmos de aprendizaxe, así pois, proporanse actividades de diagnóstico, ampliación, recuperación, reforzo e avaliación tendo en conta aspectos como os seguintes:

-Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten ao comezar o tema, propondo actividades de reforzo para aquelas alumnas e alumnos nos que se detecte retraso significativo.
-Procurar que os novos contidos sexan adecuados ao nivel de desenrolo  cognitivo dos alumnos e alumnas.
-Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumnado lle sexa  suficiente para facer unha mínima utilización do mesmo e para enlazar os contidos que con el se relacionan.
-Propor actividades de reforzo ou ampliación para os alumnos que o precisen.
-Proporcionar información complementaria ós alumnos que o soliciten ou facilitarlles o acceso á mesma

Posibilitaremos a adaptación de todo tipo de alumnado, sexan cales sexan as características persoais de cada un deles, e do nivel que presenten, polo que se adaptará o currículo as  necesidades educativas da seguinte formas e coas seguintes finalidades:
- Actividades con diferentes grados de dificultades, adaptados as necesidades individuais do alumnado.
- Actividades en grupo, para fomenta-la colaboración e cooperación dos alumnos con maior nivel de coñecementos, cos que presentan un nivel  máis baixo(neste curso non se levarán a cabo actividades en grupo).
- Realización de exercicios de reforzo, para aqueles alumnos que na avaliación non haxan sido avaliados positivamente, ou non haxan acadado os obxectivos mínimos programados.
- Exercicios de ampliación, destinados o alumnado con maior nivel de coñecementos.
- En todo caso,  fomentarase unha actitude de respecto cara as diferencias que uns alumnos/as presenten respecto dos demais.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

As actividades previstas nesta materia para potenciar no alumnado o hábito da **lectura** son as seguintes:

- En cada unidade didáctica adicaselle unha hora na aula a lectura dun texto ou documento relacionado cos contidos de dita unidade. Posteriormente proponse preguntas o alumnado para determinar o nivel de comprensión e de relación cos contidos teóricos estudiados.

- Leense artígos de prensa relacionados con temas de actualidade.

- O estudio de cada unidade didáctica sempre se realiza facendo unha lectura na aula da mesma.

As actividades realizadas nesta materia que potencian e fomentan a **utilización das TIC** con fines didácticos son as seguintes:

- Proponse a alumnado a búsqueda de mensaxes, datos e informacións sobre determinados temas económicos actuais en INTERNET para que posteriormente formulen xuízos persoais e comprendan a importancia das decisións e o que implican para os diferentes axentes sociais.

- Dendo o Departamento de Economía informase na páxina web do Instituto dos contidos mínimos, procedementos de avaliación e sistema de cualificación desta materia.

- E promovese a participación do alumnado nun simulador De BOLSA, utilizando INTERNET,con cotizacións en tempo real.

A **expresión oral e escrita** potenciarase a través da realización de traballos sobre temas económicos xunto coa súa exposición. Ademáis para a súa presentación utilizaranse programas informáticos como o power point, fomentando a **comunicación audiovisual**.

O **espíritu emprendedor** fomentarase con propostas de realización de traballos en grupo donde deberán tomar decisións sobre a elección do grupo de taballo , do responsable do mesmo e do tema a traballar escollido entre varios ofertados polo profesor da materia (**neste curso non se levarán a cabo grupos de traballo pola situación COVID-19** )

Os obxectivos en **educación de valores** desta materia na búsqueda da consecución de competencias, son:

- Valorar a existencia de capacidades diferentes, aproveitando a sinerxia xerada o formar en determinadas actividades grupo de traballo, obtendo mellores resultados que si o traballo fose individual.

- Non a exclusión no grupo de traballo formado dentro da aula.

- Resolución de conflictos dados dentro da aula ou fora dela.

- Non permitir a utilización dunha linguaxe sexista.

- Promover a solidaridade entre os compañeiros, desterrando a idea da exclusión e da violencia na aula.

Ademais por avaliación adicarase unha hora lectiva a travallar con ferramentas didácticas que se poden atopar na dirección http://educaciónvalores.org, de onde sacarán información para na hora lectiva seguinte facer unha exposición por grupos e un debate sobre temas a elexir como: Acoso escolar, capacidades diferentes, coeducación e igualdade, convivencia, educación en valores, educación pola paz, educación intercultural, educación sexual e afectiva, solidariedade, experiencias, familias, fracaso escolar, género, globalización, homofobia, inmigración, interculturaliedade, linguaxe sexista, mediación, medio ambiente e obxectivos do milenio ( pobreza, política educativa, profesorado, religiones, renovación pedagóxica, resolución de conflictos, salud, sexualidad, sida, TIC, tempo libre, violencia de xénero e adolescentes, violencia na aula e bullying).

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Entre os obxectivos do plan de convivencia no I.E.S. de Allariz, están:

- Preparar ós alumnos para a vida social adulta.

- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos ( respeto polos demáis, polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres, respeto a outras ideas, confesións e culturas...)

- Mellorar o clima escolar no I.E.S.

- Atender de xeito eficaz á diversidade.

Ás accións acometidas por este departamento para a consecución dos obxectivos son:

- Da nota de avaliación, o profesor poderá quitar 0,25 puntos por cada vez que o alumno manifeste un comportamento inadecuado na aula ou 1 punto si por dito comportamento o alumno é enviado xunto o profesor de garda ou o xefe de estudos. Dentro das manifestacións de comportamento inadecuado na aula consideranse aquelas contrarias os valores mencionados no apartado anterior desta programación.

- Travallar con ferramentas didácticas sobre a educación en valores previsto nesta programación.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso os alumnos van a participar nun Simulador de Bolsa. O efecto didáctico e ampliar os coñecementos básicos de economía, aprender cómo e donde conseguir información sobre a bolsa, as accións e as empresas, e como valoralas. De paso tamén exercita o alumnado no trato co risco e o atrevemento, a inseguirdade e a dúbida, así como no traballo eficaz en equipo.

Ademais o longo do curso valorarase a participación do alumnado en torneos, debates, xogos, charlas informativas relacionadas ca materia de Economía propostas dende as institucións co obxectivo do coñecemento da realidade económica e de problemas económicos sociais actuáis así como da educación tanto financieira como cívico tributaria, necesarias e importantes para a súa formación.

# 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha **ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto**; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS PARA AVALIAR | PARA DESTACAR… | PARA MELLORAR… | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competenciais | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Interdisciplinariedade | | | |

# PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DE 1º DE BACHARELATO

***PROFESORA: M*** **MERCEDES PUMAR GARCIA**

***LIBRO DE TEXTO:***

***Titulo Economía***

***Autor*** **F.J.GONZÁLEZ ÁLVAREZ**

***Editorial*** **ANAYA**

***I.S.B.N.*** **978-84-678-2742-2**

***Data de autorización*** **2015**

***En castelá***

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a em-presa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para al-canzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera pro-blema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da em-presa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamen-to, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organi-zación e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e

tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

Debemos ter en conta o medio familiar e o entorno social e cultural do alumnado, e para a nosa área o que tamén é fundamental é o entorno económico.

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

## Características do centro

A situación do IES de Allariz fai que o noso centro educativo presente unha mestura de características urbanas e rurais. Actualmente prevalece a poboación da propia vila, (tanto polo seu crecemento propio, coma pola progresiva despoboación do rural que a rodea), o que lle aporta os rasgos mais urbáns fronte ós aspectos mais rurais aportados polos rapaces das aldeas. A proximi-dade da capital da provincia, (sita a 20 Kms.), e as boas comunicacións con ela contribúen tamén aos aspectos urbanos do centro. A esa mesma distancia aproximada de 20 Kms. tén o centro varias localidades, todas elas tamén con institutos de educación secundaria: Maceda, Xinzo, Celanova, (e, naturalmente, a propia cidade de Ourense).

O tamaño do IES de Allariz é mais ben pequeno, e, como tal, só tén 2 centros adscritos: o CEIP Padre Feijoo, radicado na propia vila, e o CEIP Padre Crespo da localidade de Xunqueira de Ambía, que dista unha media ducia de Kms.

A oferta educativa no IES de Allariz está conformada por dúas liñas de ESO e outras tantas de bacharelato, o que nos dá un total de 12 unidades. Non hai, na actualidade, oferta de formación profesional.

O centro non presenta ningunha característica que interpretemos como singular, como non sexa o seu caracter híbrido entre rural e urbano.

## Características do alumnado

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

A lingua materna predominante non presenta un predominio craro. Probablemente o carácter híbrido recén mencionado teña que ver algo niso.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, (NEAE), adoita oscilar entre un 8 e un 15% do total.

Non existe moita poboación inmigrante actualmente. Os casos de absentismo escolar son moi esporádicos, o mesmo ca os episodios de violencia e de acoso escolar. Destes dous últimos levamos dous anos académicos sen rexistrarmos ningún caso.

Sí é influinte, en xeral, a problemática social derivada da índole propia dos alumnos da casa de acollida que a asociación Arela tén na vila. Pero hai que dicir que

isto varía bastante duns cursos a outros, en función dos nenos e nenas concretos de cada ano. Debemos congratularnos de que últimamente hai unha melloría crara e destacable na conflictividade que ese alumnado viña xenerando no instituto.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

No proxecto de Economía para 1º de Bachillerato, tal e como suxire a lei, potenciose o desenvolvemento da competencia de **comunicación lingüística**. Esta competencia profundiza nas habilidades de escoita, comprensión e exposición de mensaxes orais e escritos, que na etapa do Bacharelato requieren un maior nivel de desenvolvemento, e unhos recursos máis complexos para manexarse nuns contextos comunicativos máis diversos y de nivel cognitivo superior. Non se limita esta competencia a mellora das habilidades lingüísticas, pois inclúe o desenvolvemento de todolos elementos expresivos, en especial os de carácter audiovisual.

A materia de Economía utiliza una terminoloxía propia que permitirá o alumnado incorporar este linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Asimesmo, a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. As lecturas e os debates que se levarán a cabo nas unidades didácticas da materia permitirán tamén a familiarización e uso do linguaxe económico.

En canto á **competencia matemática e competencias básicas en ciencia y tecnoloxía** tamén se traballan na materia. Para desenvolvelas, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, diseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Valorarán a importancia do método científico na área das ciencias sociais.

A **competencia dixital** desenvolvese fomentando a búsqueda, selección e utilización de información en medios dixitales, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estadísticos, representacións gráficas, tabóas...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación no aprendizaxe da economía para comunicarse, recabar información, retroalimentala, simular y visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da situación económica dun país.

Ol amplísimo caudal de información que se pode obter de internet, en permanente aumento, debe ser adquirido, seleccionado adecuadamente e asimilado para transformalo nun coñecemento adecuado. Tratase de mellorar a búsqueda selectiva de información (oral, impresa, audiovisual, dixital o multimedia), o seu analise, ordenación e interpretación, para proceder a sintese e a elaboración de pequenos informes, para ser expostos e debatidos na aula.

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundamentase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos adquiridos. O tempo operar con modelos teóricos tamén se fomenta a imaxinación, ol analise, as dotes de observación do entorno, a iniciativa, a creatividade e o espíritu crítico, o que favorece o aprendizaxe autónomo. Expoñense os diferentes paradigmas existentes sobre temas económicos clave, como son a inflación, el desemprego ou a intervención do estado na economía. O

alumnado vai construindo o seu propio cooñecemento e fundamentando as suas argumentacións a favor e en contra de cada un deles.

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidaridade e o respeto hacia as opinións dos demais, o que contribúe a adquisición das **competencias sociais e cívicas.** Así mesmo, os coñecementos económicos son unha parte fundamental da cultura ciudadana, sensibilizada cada vez mais con estos temas pola sua presencia nos medios de comunicación e a sua importancia nas economías familiares. A materia de economía de bacharelato permite formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas económicos reais.

A materia de economía cimenta as bases do **sentido de iniciativa e espíritu emprendedor,** xa que educa en actitudes e capacidades emprendedoras e garantiza a comprensión dos conceptos económicos básicos, que inclúe o desenvolvemento de certas cualidades personais: a elección de recursos, a planificación, a resolución de problemas e a revisión de resultados. Todo esto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A elaboración de modelos simples que representen a realidade económica na materia de economía de 1º de Bachillerato, contribúen tamén o desenvolvemento da **conciencia e expresións culturais**.

**RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS-**

UNIDADE 1: Iniciación a economía

1.1. Recoñece a escaseza, a necesidade de elixir e de tomar decisións como os elementos máis determinantes que afrontar na economía, diferenciando as actividades económicas das que non o son.

1.2. Identifica as necesidades humanas e a súa relación co problema da escaseza.

1.3. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.

1.4. Recoñece os límites da economía como ciencia e o método científico que utiliza.
1.5. Recoñece o método científico que utiliza a economía.
1.6. Recoñece a escaseza, a necesidade de elixir e de tomar decisións como os elementos máis determinantes que afrontar na economía, tendo en conta o custo de oportunidade que iso supón.

UNIDADE 2: Os sistemas económicos

2.1. Identifica os problemas económicos básicos e os factores a ter en conta na súa resolución.

2.2. Valora a división do traballo como elemento fundamental no desenvolvemento económico.

2.3. Partindo do recoñecemento dos factores dispoñibles na economía, identifica e analiza aqueles que facilitan o crecemento económico.

2.4. Identifica e valora as diferentes respostas que as sociedades deron aos problemas económicos.

2.5. Identifica os diferentes sistemas económicos e o xeito en que abordaron os problemas económicos.

2.6. Identifica sociedades actuais ou do pasado, que aplicasen os sistemas económicos explicados nesta unidade. Valora os seus acertos ou erros, especialmente no que se refire ás súas actuacións relativas a: reparto da riqueza, medioambiente, calidade de vida dos cidadáns; mediante políticas estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e proveedoras de bens e servizos públicos.

UNIDADE 3: A dinámica dos mercados

3.1. Recoñece a importancia da especialización e a división do traballo como causante da existencia mesma do mercado.

3.2. Recoñece as diferentes clases de mercado e os seus elementos.

3.3.Expresa o funcionamento da demanda nos mercados.

3.4. Expresa o funcionamento da oferta nos mercados.

3.5. Expresa o funcionamento dos mercados utilizando conjuntamente a demanda e a oferta agregados.

3.6. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, así como os seus efectos na demanda e a oferta nos mercados.

UNIDADE 4: Clases de mercados

4.1. Recoñece as claves que determinan a oferta e a demanda, comparando as diferenzas dos diferentes tipos de mercados.
4.2. Analiza o funcionamento do mercado de competencia perfecta, ejemplificándolo con casos reais da contorna máis inmediata.
4.3. Analiza o funcionamento do monopolio, ejemplificándolo con casos reais da contorna máis inmediata.
4.4. Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan do monopolio, especialmente para eles que participan neste tipo de mercados.
4.5. Analiza o funcionamento do mercado oligopolista, ejemplificándolo con casos reais da contorna máis inmediata.
4.6. Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan sobre aqueles que participan neste tipo de mercados.

4.7. Analiza o funcionamento do mercado de competencia monopolística, ejemplificándolo con casos reais da contorna máis inmediata.
4.8. Valora, de forma crítica, os efectos que se derivan sobre aqueles que participan neste tipo de mercados.
4.9. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e efectos para os axentes intervinientes na Economía e as diferentes intervencións públicas que se realizan para corrixilos.
4.10. Analiza as razóns polas que se produce procesos de concentración empresarial.
4.11. Expresa cada unha das formas máis habituais polas que se realizan os procesos de concentración empresarial.

UNIDADE 5: O diñeiro e os mercados financieiros

5.1. Describe a historia do diñeiro na antigüidade.

5.2. Describe a historia recente do diñeiro.

5.3. Recoñece cales son as funcións do diñeiro.

5.4. Describe as causas das variacións dos tipos de interese na Economía.

5.5. Describe e analiza o funcionamento do diñeiro na actualidade.

5.6. Describe a importancia das diferentes moedas a nivel internacional.

5.7. Describe o proceso de creación do diñeiro bancario.

5.8. A analiza de forma numérica o proceso de creación do diñeiro bancario.

5.9. Describe a oferta monetaria e valora a importancia do seu control.

5.10.Valora o papel do sistema financeiro, distinguindo os intermediarios máis importantes que nel actúan, prestando especial atención ao Banco Central Europeo e a bolsa de valores.

5.11. Analiza o papel dos mercados financeiros na economía.

UNIDADE 6: A inflación

6.1. Recoñece o concepto de poder adquisitivo e de inflación.

6.2 Recoñece que é o IPC e realiza os cálculos precisos para determinalo.

6.3. Recoñece que é o IPC harmonizado.

6.4. Recoñece que é a inflación e realiza os cálculos precisos para determinala.

6.5 Recoñece o concepto de diferencial de inflación entre distintos países, e a súa importancia como dato económico.

6.6.. Analiza de forma crítica o cálculo da inflación.

6.7. Recoñece os diferentes tipos de inflación.

6.8. Recoñece que é a deflación e a estanflación, e os seus efectos na economía.

6.9.. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusiones económicas e sociais.

6.10. Recoñece e valora as repercusiones máis importantes da inflación.

6.11. Analiza diferentes medidas para loitar contra a inflación.

6.12. Analiza alternativas para loitar contra a inflación, atendendo ás súas causas.

UNIDADE 7: A poboación

7.1. Recoñece a poboación tanto como oferente de factores produtivos como demandante de bens e servizos.

7.2. Identifica os ingresos da poboación e como os utilizan.

7.3. Realiza a clasificación da poboación utilizando datos estatísticos, desde o punto de vista económico; para utilizala como indicador da situación económica dun país.

7.4. Realiza o cálculo de taxas poblacionales utilizando follas de cálculo.

7.5. Identifica as diferentes teorías sobre a relación que existe entre o crecemento da poboación e o crecemento económico.

7.6. Identifica o problema económico causado polo envejecimiento da poboación, e o causado pola superpoblación.

7.7. Identifica os elementos do mercado de traballo, e os factores que inflúen en cada un deles

7.8. Recoñece as imperfeccións do mercado de traballo.

7.9. Identifica as diferentes clases de desemprego.

7.10. Recoñece as causas do desemprego segundo as diferentes teorías económicas.

7.11. Identifica os organismos encargados de rexistrar o desemprego, así como as medicións que realizan.

7.12. Valora as diferentes políticas de loita contra o desemprego.

7.13. Relaciona o crecemento económico coa creación de emprego a través de estudos empíricos. Valora a validez destes estudos.

UNIDADE 8 : A producción e a empresa

8.1. Expresa unha visión global do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa.

8.2. Expresa unha visión da empresa como creadora de valor engadido, así como o seu funcionamento partindo de periodo de maduración.

8.3. Expresa e analiza as repercusiones da actividade das empresas na sociedade.

8.4. Expresa e analiza os obxectivos das empresas.

8.5. Determina o concepto de tecnoloxía en economía, e a importancia do investimento en I D I.

8.6. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica dunha empresa a partir de casos suscitados.

8.7. Determina e interpreta a función de produción.

8.8. Analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun periodo.

8.9. Comprende e utiliza diferentes tipos de custos, tanto fixos como variables, totais, medios e marginales, así como representa e interpreta gráficos de custos

8.10. Comprende e utiliza a amortización como un custo máis.

8.11. Comprende e utiliza o concepto de productividad e a súa relación coa eficiencia e a tecnoloxía

8.12. Indica as diferentes categorías de procesos produtivos.

UNIDADE 9: O sector público na economía

9.1. Identifica os cambios producidos no escenario económico mundial, desde a época do mercantilismo ata os nosos días.

9.2. Identifica as dúas posturas enfrontadas sobre a intervención ou non do estado na economía.

9.3. Comprende e realiza diferentes clasificacións do sector público.

9.4. Identifica e comprende as diferentes funcións do sector público.

9.5. Identifica e comprende os diferentes obxectivos do sector público.

9.6. Analiza o proceso de construción de Unión Europea, e das implicaciones para España.

9.7. Valora, interpreta e comprende as diferentes políticas micro e macroeconómicas, e o papel do Banco Central Europeo, no que se refire a política monetaria.

UNIDADE 10: A medición da actividade económica

10.1.1. Identifica o PIB e cada un dos elementos que o integran, sendo capaz de interpretar esta información contida en gráficos que mostran a súa evolución no tempo.

10.2.1 Identifica o PIB como unha das variables que nos indican a situación económica dun país, o grado de crecemento dunha economía, da renda e do emprego.

10.2.2 Valora o PIB como unha macromagnitud útil para establecer comparacións entre diferentes economías.

10.3.1. Valora e interpreta os a información aportada polo PIB, calculado desde diferentes puntos de vista.

10.4.1. Identifica as diferenzas que existen entre as diferentes formas de expresar o PIB. Analiza a formación bruta de capital como un factor que inflúe no crecemento e o desenvolvemento económico.

10.5.1. Valora, interpreta e comprende os datos do PIB expresados en términos nominales e reais.

10.6.1. Utiliza o PIB para determinar outra medición da inflación e analizar de forma crítica os datos do Produto Interior Bruto, ao estar influenciados polo efecto da inflación.

10.7.1. Analiza a relación entre a renda dispoñible dos cidadáns dunha economía e a súa PIB.

10.8.1. Valora, interpreta e comprende as limitacións do PIB para medir a situación económica e a calidade de vida dun país.

10.9.1. Utiliza e interpreta a información do PIB en gráficos para analizar a súa evolución no tempo.

10.10.1. Analiza a renda nacional en gráficos, para determinar a súa distribución entre a poboación e medir así a súa validez como indicadora da situación económica dun país.

UNIDADE 11: O contexto internacional da economía

11.1.1. Valora os cambios máis recentes no escenario económico mundial causados polo desenvolvemento do comercio internacional, identificando as circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican.

11.2.1. Identifica razóns que xustifican a especialización dalgúns países, así como a natureza do comercio no seo da Unión Europea.

11.3.1. Diferenza e valora, as medidas proteccionistas ou librecambistas como ferramentas para solucionar problemas económicos, expresando as razóns que xustifican o intercambio económico entre países.

11.4.1. Identifica as causas históricas do desenvolvemento do comercio internacional e a globalización, e como o desenvolvemento do mesmo contribuíu ao crecemento económico mundial, reflexionando sobre a necesidade da súa regulación.

11.5.1. Explica e reflexiona sobre o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, valorando as repercusiones e implicaciones para España nun contexto global.

11.6.1. Valora, interpreta e comprende as balanzas de pagos como indicadores da situación económica dun país, e como medidores dos fluxos comerciais internacionais. Manexa datos das balanzas de pagos en aplicacións informáticas.

11.7.1. Analiza e explica o funcionamento de divísalas e dos mercados nos cales cotizan.

UNIDADE 12: Desenvolvemento, benestar e pobreza

12.1.1. Diferenza entre os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.

12.2.1. Comprende a capacidade e as limitacións das principais magnitudes macroeconómicas para mostrar a situación económica dun país e a calidade de vida.

12.3.1. Identifica os trazos que caracterizan aos países pobres.

12.4.1. Identifica os factores que inflúen no desenvolvemento económico, e os beneficios que este supón, recoñecendo tamén as consecuencias negativas do desenvolvemento económico.

12.5.1. Describe e reflexiona sobre as implicaciones e efectos da globalización económica nos países subdesarrollados, identificando os factores que dificultan o crecemento económico dos países pobres.

12.6.1. Describe os programas e actuacións que a comunidade internacional realiza para que os países en vías de desenvolvemento poidan resolver os seus problemas económicos e así poder crecer e progresar.

12.7.1. Identifica alternativas para abordar a resolución de problemas económicos nos países pobres, utilizando exemplos actuais na contorna.

12.8.1. Reflexiona sobre as consecuencias do crecemento económico e da actividade das empresas en xeral no medioambiente e a calidade de vida, desenvolvendo actitudes positivas.

12.9.1. Identifica actuacións gobernamentais en prol dos problemas medioambientales.

# CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

No seguinte cadro recollese todo o relativo os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliables:

| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |
| | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | |

## 2. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| PROCESO DE ENSINANZA- | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc. | | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

# PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA DA EMPRESA DE 2º DE BACHARELATO

***PROFESORA: M*** **MERCEDES PUMAR GARCIA**

***LIBRO DE TEXTO:***

***Titulo*** **ECONOMÍA DA EMPRESA**

***Autor*** **ALBERTO PÉREZ CÉSAR**

***Editorial*** **GALINOVA**

***I.S.B.N.*** **978-84-9737-253-4**

***Data de autorización*** **2015**

***En castelá***

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento ofrece un modelo de Programación didáctica para a materia de Economía da  Empresa (segundo curso de Bacharelato LOMCE). Con esta programación preténdese planificar o traballo docente dunha maneira eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos.

## 1.1. Xustificación da programación

Os docentes necesitan planificar a súa actividade no exercicio da súa profesión. Esta planificación resulta imprescindible para cumprir tanto co estipulado pola normativa (estatal e/ou autonómica), como pola necesidade de adecuar o devandito marco normativo ao seu contexto docente.

Mediante a programación didáctica, o docente, en coordinación co equipo didáctico, programa a longo, medio e curto prazo o modo en que os elementos do currículo (obxectivos, competencias crave, contidos, metodoloxía, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe), serán relacionados, ordenados, secuenciados e, no seu caso, rubricados ao longo dos diferentes cursos. En concreto, trátase de determinar:

1. Que ? Cando - Como ENSINAR
2. Que ? Cando - Como AVALIAR
3. Como ATENDER Á DIVERSIDADE en función dos resultados académicos.

## 1.2. Marco lexislativo

### 1.2.1. Normativa estatal:

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

- Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

### 1.2.2. Normativa autonómica (Galicia):

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece ou currículo dá educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para vos centros docentes nas etapas de

educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase ou seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, dá Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións non curso académico 2015/16 para a implantación do currículo dá educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes dá Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

1.3. Contextualización

R.D. 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (BOE 03/01/2015).

Economía da Empresa estuda e analiza respostas para os problemas económicos que se expoñen no seo da empresa; o seu obxectivo é avanzar na análise da moderna organización e administración de empresas, cun enfoque completo e actualizado.

O coñecemento sobre a empresa é un paso esencial para alcanzar a entender o funcionamento do conxunto da economía, pois o que sucede no interior das empresas é tan substancial como o que ocorre nunha contorna económica máis amplo. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, tipos de organización e funcionamento e factores que inflúen na toma de decisións.

A empresa ten como función producir bens e servizos para o mercado en situacións de competencia e capacidade financeira, elixindo para iso una das variadas formas xurídicas referidas polo dereito. Esta función da empresa posibilita que cada ser humano poida facer compatible a especialización do traballo coa satisfacción das súas numerosas e diversas necesidades. En contornas cambiantes e diferentes, a flexibilidade e a adaptación ás transformacións tecnolóxicas, legais e doutro tipo albíscanse como fundamentais para a toma das mellores solucións posibles en cada momento. O desenvolvimiento da actividade empresarial debe estar guiado pola ética e a responsabilidade social, que mostran o transcendental do como ademais do que dos puros resultados.

A empresa é unha catalizador clave para o crecemento económico, a innovación, o emprego e a integración social. É primordial cultivar e fomentar unha cultura e forma de pensar empresarial, onde se exercite e creza a creatividade e o espírito de innovación, incentívese a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a visualización do erro como fonte de progreso e aprendizaxe.

EXTRACTO DO DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, pretende a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, consiguientemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/do empresario/para deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis aló da procura duns resultados.

A materia debe permitir o fomento dunha cultura e dunha maneira de pensar empresarial, onde se exerciten e crezan a creatividade e o espírito de innovación, e incentívese a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha de contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

Debemos ter en conta o medio familiar e o entorno social e cultural do alumnado, e para a nosa área o que tamén é fundamental é o entorno económico.

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

## Características do centro

A situación do IES de Allariz fai que o noso centro educativo presente unha mestura de características urbanas e rurais. Actualmente prevalece a poboación da propia vila, (tanto polo seu crecemento propio, coma pola progresiva despoboación do rural que a rodea), o que lle aporta os rasgos mais urbáns fronte ós aspectos mais rurais aportados polos rapaces das aldeas. A proximi-dade da capital da provincia, (sita a 20 Kms.), e as boas comunicacións con ela contribúen tamén aos aspectos urbanos do centro. A esa mesma distancia aproximada de 20 Kms. tén o centro varias localidades,

todas elas tamén con institutos de educación secundaria: Maceda, Xinzo, Celanova, (e, naturalmente, a propia cidade de Ourense).

O tamaño do IES de Allariz é mais ben pequeno, e, como tal, só tén 2 centros adscritos: o CEIP Padre Feijoo, radicado na propia vila, e o CEIP Padre Crespo da localidade de Xunqueira de Ambía, que dista unha media ducia de Kms.

A oferta educativa no IES de Allariz está conformada por dúas liñas de ESO e outras tantas de bacharelato, o que nos dá un total de 12 unidades. Non hai, na actualidade, oferta de formación profesional.

O centro non presenta ningunha característica que interpretemos como singular, como non sexa o seu caracter híbrido entre rural e urbano.

## Características do alumnado

O alumnado procede dos concellos de Allariz, Xunqueira e A Merca cunha maioría da propia vila de Allariz.

A lingua materna predominante non presenta un predominio craro. Probablemente o carácter híbrido recén mencionado teña que ver algo niso.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, (NEAE), adoita oscilar entre un 8 e un 15% do total.

Non existe moita poboación inmigrante actualmente. Os casos de absentismo escolar son moi esporádicos, o mesmo ca os episodios de violencia e de acoso escolar. Destes dous últimos levamos dous anos académicos sen rexistrarmos ningún caso.

Sí é influinte, en xeral, a problemática social derivada da índole propia dos alumnos da casa de acollida que a asociación Arela tén na vila. Pero hai que dicir que isto varía bastante duns cursos a outros, en función dos nenos e nenas concretos de cada ano. Debemos congratularnos de que últimamente hai unha mellоría crara e destacable na conflictividade que ese alumnado viña xenerando no instituto.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

- Iniciación do alumno no coñecemento da linguaxe e a terminoloxía técnica básica do mundo empresarial e en especial do Dereito mercantil, do Dereito laboral, do Dereito tributario e do Dereito contable.

- Análise da publicidade e dos instrumentos de comunicación que empregan as empresas para persuadir aos seus clientes de que compren os seus produtos.

- Fomento da lectura a través de tarefas contextualizadas como poden ser as actividades de investigación en empresas da contorna e a análise de artigos xornalísticos sobre a realidade empresarial.

- Desenvolvemento de actitudes e valores propios desta competencia a través das tarefas interactivas, como a choiva de ideas, os debates, os traballos grupales por proxectos, nos que se promoverá o respecto cara ás opinións dos demais e desenvolverase o espírito crítico.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

- Resolución e interpretación de exercicios de produtividade: produtividade dun factor, produtividade global e taxa de variación da produtividade.

- Cálculo, representación e interpretación de ingresos e custos e en especial de exercicios de punto morto e producir ou comprar.

- Resolución de casos prácticos sobre o ciclo de inventario dunha empresa.

- Confección de balances e contas de resultados e a súa análise mediante cocientes económico-financeiros.

- Resolución de exercicios de selección de investimentos mediante a utilización de métodos dinámicos e estáticos.

- Resolución de casos prácticos sobre as distintas opcións de financiamento que posúen as empresas.

- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións de carácter económico (táboas, estatísticas, gráficos, etc.) vinculados co tecido empresarial e procedentes de distintos tipos de fontes de información.

- Reflexión sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e a innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

- Procura, obtención e tratamento de informa- ción oral, impresa, audiovisual, dixital ou multime- dia acerca da realidade empresarial a través de internet.

- Utilización de programas informáticos para a elaboración, de gráficas, análises de datos, desa- rrollo de orzamentos e plans financeiros, que conducen a unha maior alfabetización dixital.

- Consulta de páxinas web propostas polo docen- che ou por propia iniciativa do alumno.

- Utilización de simuladores online de creación ou xestión de empresas.

- Creación de presentacións e producións audio- visuais sinxelas sobre contidos de asígnaa- tura.

- Obtención de fragmentos de películas que aborden contidos curriculares mediante herra- mintas de edición de vídeo.

APRENDER A APRENDER (CPAA)

- Procesos de resolución de problemas mediante os que os alumnos deben planificar estratexias, asumir retos, e tomar decisións en escenarios de incerti- dumbre.

- Formulación de actividades variadas, de iniciación, reforzo e ampliación que van esixir ao alumnado un esforzo tanto memorístico como de planifica- ción, organización, síntese e integración que lle permitan ser consciente das súas propias capacidades.

- Capacidade de aplicar o razoamento en supostos concretos:

- Clasificación das empresas; relación entre as economías de escala coa dimensión óptima da empresa; reflexión sobre a división técnica do traballo nun contexto global; adopción de medidas correctoras ante posibles desaxustes patrimoniais; relación entre a produtividade e os salarios dos traballadores ou entre o control de inventarios e a produtividade da empresa; adaptación das diferentes estratexias de márketing a casos concretos; correspondencia entre investimentos e o seu financiamento e valoración da importancia da información na toma de decisión

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

- Tratamento da responsabilidade social e medioam- biental; a ética nas actuacións empresariais; a análise do impacto social das estratexia de desenvolvemento das multinacionais; a división do traballo desde unha perspectiva global; a importancia dos recursos humanos nunha empresa; a investigación e a innovación tecnolóxica como alicerces da competitividade e a súa repercusión na calidade de vida; a achega que supoñen as obrigacións fiscais á riqueza nacional; o coñecemento dos órganos de goberno das distintas formas xurídicas e o seu funcionamento, en especial o estudo das empresas de economía social e o carácter democrá- tico das sociedades cooperativas.

- Fomento dunha actitude crítica cara ás consecuen- cias negativas que xera a actividade produtiva - custos sociais- así como fronte a aquelas prácticas desaprensivas que levan a cabo algunhas empresas multinacionais en países non desenvolvidos co único afán de obter o máximo beneficio.

- Diferenciación das prácticas comerciais considera- dás non éticas ou de dubidosa moralidade que pretenden enganar ao consumidor, das que son lícitas e aceptables, fomentando o coñecemento dos mecanismos existentes para a defensa dos seus dereitos como consumidores.

- Coñecemento dos dereitos básicos dos traballadores/as e o recoñecemento da igualdade entre homes e mulleres, facendo especial fincapé nas medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

- Consciencia do papel actual do alumno na economía como consumidor, aforrador, contribu- yente, usuario de bens e servizos públicos e no futuro, como traballador, produtor e elector.

SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (SIE)

- Visión holística da empresa e a súa relación co progreso económico e social.

- Coñecemento dos determinantes nas decisións de localización e dimensión da empresa.

- Coñecemento dos trámites necesarios para crear unha empresa; toma de decisións sobre que contrato/s realizar aos empregados; que forma xurídica escoller para o negocio; interpretación de balances e contas de perdas e ganancias sinxelas para diagnosticar a situación financeira e patrimonial dunha empresa; selección de proxectos de investimento e selección da fórmula ou fórmulas de financia- ción máis adecuada/s para a empresa.

- Promoción da iniciativa empresarial como vía de inserción laboral.

- Afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)

- Coñecemento das distintas manifestacións da área empresarial presentes no mundo do deseño, a publicidade e a comunicación comercial.

- Recoñecemento da necesidade que teñen as empresas de coñecer aos seus clientes, de comprender as diferentes culturas e ideoloxías para poder segmentar os mercados e adaptarse aos diferen- tes gustos e preferencias.

- Desenvolvemento da actividade creativa e as capacidades artísticas na publicidade para deseñar os prol- ductos, os logotipos, os envases, as campañas? e deste xeito, estimular a compra por parte dos consumidores.

- Recoñecemento da importancia do patrocinio e mecenado cultural levado a cabo polas empre- sas dentro das súas estratexias comerciais e de responsabilidade social.

- Posta en valor da creatividade, a imaxinación e a iniciativa como elementos necesarios para cal- quier proxecto empresarial.

# CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

No seguinte cadro recollese todo o relativo os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliables:

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A empresa | | | |
| a<br>d<br>i<br>l<br>m | B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B1.3. Clases de empresas.<br>B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias | EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | CD<br>CMCCT<br>CSIE |
| | | | EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función | CD<br>CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | de capital. | das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | |
| | | | EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | CCL<br>CSIEE |
| a<br>d<br>h<br>i<br>l<br>m<br>p | B1.5. Contorno da empresa.<br>B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>B1.7. Funcionamento e creación de valor. | B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | CD<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | CSC<br>CSIEE |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | |
| d<br>i<br>l<br>m | B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na | B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | CCL<br>CMCCT |
| | | | EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión | CD<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | economía.<br>B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | | óptima da empresa. | |
| | | | EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | CSC<br>CSIEE |
| | | | EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.<br>EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | CCL<br>CSC<br>CMCCT<br>CD<br>CMCCT<br>CSC |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | |
| d<br>i<br>l<br>m<br>p | B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | CMCCT<br>CSC |
| | | | EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e | CD<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | |
| | | | EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | CAA<br>CD<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| | Bloque 4. A función produtiva | | | |
| a<br>i<br>l<br>m | B4.1. Produción e proceso produtivo.<br>B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | CMCCT<br>CSC |
| | | | EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | CAA<br>CMCCT<br>CSC |
| i<br>l<br>m | B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da | B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun | EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, | CD<br>CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | empresa. | suposto formulado. | aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | |
| | | | EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | CMCCT<br>CSIEE |
| i<br>l<br>m | B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | CMCCT<br>CSIEE |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | | |
| d<br>h<br>i<br>l<br>m | B5.1. Departamento comercial da empresa<br>B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | CSIEE |
| | | | EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de | CCL<br>CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | mercados. | |
| | | | EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | CD<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. | CCL<br>CMCCT |
| | | | EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | CD<br>CMCCT<br>CSC |
| | Bloque 6. A información na empresa | | | |
| d<br>g<br>h<br>i<br>l<br>m | B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>B6.3. Resultados da empresa.<br>B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>B6.6. Análise e interpretación da información contable. | B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. | CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. | CMCCT |
| | | | EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | CAA |
| | | | EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos. | CMCCT |
| | | | EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. | CAA<br>CSIEE |
| | | | EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios | CMCCT<br>CD |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | |
| | | | EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. | CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | CAA<br>CSIEE |
| | | | EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB61.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE |
| a<br>c<br>d<br>h<br>i<br>l<br>m | B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. | CCL<br>CMCCT |
| | | | EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. | CSC |
| | Bloque 7. A función financeira | | | |
| d<br>g<br>i<br>l<br>m | B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.<br>B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.<br>B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>B7.5. Ciclos da empresa.<br>B7.6. Período medio de maduración. | B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada. | EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | CD<br>CSIEE<br>CMCCT |
| | | | EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa. | CD<br>CMCCT |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. | CCL<br>CMCCT |
| | | | EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | CAA<br>CMCCT |
| | | | EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | CD<br>CMCCT |
| | | | EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | CMCCT<br>CAA<br>CD |

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia

cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto

de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade

na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable

e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente

os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres,

analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular,

a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das

persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial

ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para

o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua

castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes

históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario

no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía

ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa,

traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

# 4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Temporalización | Grao mínimo de consecución | Estándares de aprendizaxe | Avaliación |
| Bloque 1. A empresa | | | |
| 1º TRIMESTRE | Describe e interpreta os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relaciona con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | Proba escrita u.d. 2 |
| | | EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | Proba escrita u.d. 2 |
| | | EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | Proba escrita u.d. 2 |
| | | EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | Proba escrita u.d.1 |
| 1º TRIMESTRE | Identifica e analiza os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explica, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | Proba escrita u.d 2-3 |
| | | EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | Proba escrita u.d.3 |
| | | EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como | Proba escrita u.d.1-3 |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Temporalización | Grao mínimo de consecución | Estándares de aprendizaxe | Avaliación |
| | | elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | |
| 1º TRIMESTRE | Identifica e analiza as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | Proba escrita u.d. 4 |
| | | EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. | Proba escrita u.d. 4 |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | |
| 2º TRIMESTRE | Explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha | EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de | Proba escrita u.d. 5 |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Temporalización | Grao mínimo de consecución | Estándares de aprendizaxe | Avaliación |
| | empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | |
| | | EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | Proba escrita<br>u.d. 5 |
| | | EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | Proba escrita<br>u.d.1- 5 |
| | | EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | Proba escrita<br>u.d. 5 |
| | | EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | Proba escrita<br>u.d. 5 |
| | | EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | Proba escrita<br>u.d. 6 |
| | Bloque 4. A función produtiva | | |
| 1º TRIMESTRE | Analiza procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | Proba escrita<br>u.d. 7 |
| | | EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a | Proba escrita |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Temporalización | Grao mínimo de consecución | Estándares de aprendizaxe | Avaliación |
| | | produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | u.d. 7 |
| | | EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | Proba escrita u.d. 7 |
| 1º TRIMESTRE | Determina a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | Proba escrita u.d. 7 |
| | | EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | Proba escrita u.d. 7 |
| | | EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | Proba escrita u.d. 7 |
| | | EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | Proba escrita u.d. 7 |
| 2º TRIMESTRE | Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | Proba escrita u.d. 8 |
| | | EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | Proba escrita u.d. 8 |
| | | EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | Proba escrita u.d. 8 |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | |
| 2º TRIMESTRE | Analiza as características do mercado e explica, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha | EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto | Proba escrita u.d. 9 |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Temporalización | Grao mínimo de consecución | Estándares de aprendizaxe | Avaliación |
| | empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | vendido. | |
| | | EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | Proba escrita u.d. 9-10 |
| | | EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | Proba escrita u.d. 9-10 |
| | | EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | Proba escrita u.d. 9 |
| | | EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | Proba escrita u.d. 9 |
